

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de abril de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Soledad Polo Lima
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día dez de abril de dous mil seis e baixo a presidencia segunda tenente de Alcalde, Sr. Molares Pérez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario a concelleiro acctal., Sr. López Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o secretario xeral do Pleno en ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(331).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 13/1342, 1/1506, 1/381.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Carmen Fernández Grobas. Expte. 1/1506.
- D. José Antonio Estévez Novas. Expte. 1/381.
- D^a. Celia Franga Méndez. Expte. 1342/13.

2(332).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POR BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2006. EXPTE. 13389-13367/301.

Mediante providencia de data 31.03.06, en cumprimento da base 31^a das de Execución do presuposto en vigor, a delegada da Área de Participación Cidadá dá conta á Xunta de Goberno local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Benestar Social durante o mes de febreiro de 2006, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	TERCEIRO	IMPORTE
17/02/06	Atención a inmigrantes	VARIOS	150,00
08/02/06	Deporte maiores	PABLO CASAL NÚÑEZ	6.331,33
02/02/06	Taller de danza	WENCESLAO CABEZAS DE TORO	10.164,81
08/02/06	Curso entrenamiento memoira maiores	MÓNICA CALVO SERRANO	8.000,00
09/02/06	Curso habilidades para maiores	AULA SÍSIFO DE FORMACIÓN, S.L.	11.986,23

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(333).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS- PLAN CONCERTADO 2006. EXPTE. 13527/301.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 3.04.06, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención solicitada á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao amparo e de conformidade coa Orde de 8 de marzo de 2006, para a prestación de Servizos Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2006, o importe do cal ascende a un total de 4.128.616,77 euros.

Deste acordo darase conta ó Pleno da Excm. Corporación Municipal do contido desta petición, de acordo co artigo 8º da Orden citada.

4(334).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DANZA PARA A ORGANIZACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA DANZA. EXPTE. 9515/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 4.04.06, e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 3.04.06, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, o xefe do Departamento de Cultura e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Galega de Profesionais da Danza para a organización do *Día Internacional da Danza*, que se celebrará o día 29 de abril.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 15.300.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, para facer fronte ao estipulado no convenio e que se aboará á Asociación Galega de Profesionais da Danza, CIF G-36868164.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA-CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA DANZA 2006

Vigo, o xxxxxx de abril de dous mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, na súa calidade de CONCELLEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dª BEGOÑA ACUÑA GONZÁLEZ, NIF 36032454-X, na súa calidade de PRESIDENTA e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA DANZA, CIF G-36868164, e con enderezo en Vigo, rúa Pi i Margall, 61, CP 36202; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

- 1. Que a Concellaría de Asuntos Sociais-Cultura ten entre as súas principais competencias a promoción, difusión e apoio ás creacións das artes escénicas (música, teatro e danza), fundamentalmente mediante a organización dunha programación estable ao longo de todo o ano, por distintos lugares da cidade e dirixido a todo tipo de públicos.*
- 2. Que Asociación Galega de Profesionais da Danza ven realizando dende hai anos unha intensa labor de potenciación e desenvolvemento do mundo da danza en toda a comunidade autónoma e está en condicións de organizar unha serie de actividades con motivo do Día Internacional da Danza.*

Por este motivo, o Concello de Vigo e a Asociación Galega de Profesionais da Danza establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é a programación e organización do Día Internacional da Danza, que se celebrará na cidade de Vigo os días 29 e 30 de abril, según o programa que figura como anexo I.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral destas actividades, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle presentado pola ENTIDADE, ascende a 15.300.-(QUINCE MIL TRESCENTOS EUROS), que serán financiados polo Concello de Vigo a través do presente convenio e serán aplicados á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade.

As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:

- 1. Seleccionar ás compañías que participarán neste programa e xestionar directamente todas as cuestións referentes ás mesmas.*

2. Xestionar a organización e coordinación xeral de todas as actividades que forman o programa obxecto deste convenio.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias para o bó desenvolvemento das actividades.
4. Asumir todos os gastos que se deriven da contratación das compañías participantes no programa (cachés, desprazamentos, aloxamentos, manutención...); así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos a cada unha delas.
5. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos quince días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: afluencias de público, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, acompañando a documentación xustificativa correspondente.

QUINTA.- Obrigas do Concello-Concellaría de Asuntos Sociais.

As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:

1. Aportar a cantidade total de 15.300.-€, para a organización e realización do programa.
2. Xestionar o material gráfico necesario para a difusión do programa, consistente en carteis e programas de man.
3. Xestionar a reserva para a utilización do auditorio municipal e da lonxa do Concello para as actividades previstas para o día 30 de abril, así como os lugares a modo de vestiarios necesarios para as do día 29.
4. Aportar a produción técnica necesaria para as representacións previstas no programa, dacordo co “rider” técnico que aporta a ENTIDADE; o departamento de Cultura nomeará un responsable de produción que fará de interlocutor coa ENTIDADE e non asumirá ningunha outra cuestión técnica que as reflexadas no citado “rider”.
5. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se deriven do festival.

SEXTA.- Mecanismo de seguimento.

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico do departamento de Cultura nas propias actividades programadas.

SÉTIMA.- Forma de pagamento.

O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento de 12.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0053 79 0040019510 da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 28 de ABRIL.
2. Un segundo e derradeiro pagamento por un importe de 3.300.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, trala conformidade do persoal técnico do departamento de Cultura ao desenvolvemento xeral do festival e á memoria-avaliación estipulada na cláusula terceira, apartado 5, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

OITAVA.- Difusión e información.

Toda a información sobre o festival, especialmente no material gráfico, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa do departamento de Cultura e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

NOVENA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

A vixencia do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita oficial (a través do Rexistro Xeral) cunha antelación mínima de un mes.

DÉCIMA.- Outros compromisos.

O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bó desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e a un so efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

ANEXO I

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO

DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

COMPAÑÍAS PARTICIPANTES:

- *Compañía de danza “Maruxa Salas”*
- *Compañía de danza “Druída”*
- *Compañía de danza “Esther Carrasco”*
- *Compañía de danza “Disque Danza”*

SÁBADO, 29 DE ABRIL

12,00h. Actuacións rotativas das compañías en Calvario, Montero Ríos e Príncipe.

17,00h. Lectura do Manifesto e mensaxe do Día Internacional da Danza, na rúa Príncipe

17,15h. Clase de ballet (barra, centro e diagonales), na rúa do Príncipe.

18,00h. Mostra coreográfica do alumnado de escolas de toda Galicia, na rúa Príncipe.

19,00h. Breve mostra coreográfica das catro compañías profesionais, na rúa Príncipe.

DOMINGO, 30 DE ABRIL

Talleres de Danza creativa, Maquillaxe escénico e vídeo-danza no auditorio municipal e na lonxa do Concello, en tres grupos horarios: 10 a 11,30, 12 a 13,30 e 16,30 a 18.

ANEXO II

ORZAMENTO

1. ALUGUER DE AUTOBUSES	2.000.-
2. ALOXAMENTO E DIETAS COMPAÑÍAS	1.600.-
3. CACHÉS COMPAÑÍAS	7.000.-
4. VIAXES	2.500.-
5. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN	2.200.-
TOTAL	15.300.-€

5(335).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 3.477,69 € COMO CONSECUENCIA DA CELEBRACIÓN DOS ACTOS DO DÍA 28 DE DECEMBRO “DÍA DOS SANTOS INOCENTES” NO VERBUM. EXPTE. 93/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 20.03.06, e de acordo co informe-proposta do director do Museo Verbum, do 15.03.06, conformado polo concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por un importe total de 3.477,69 euros (tres mil catrocentos setenta e sete con sesenta e nove céntimos de euro) desglosado do seguinte xeito:

- 180 € (cento oitenta euros) da factura nº 80 a favor de Asociación Cultural “UBÚ TEATRO” presentada por Ana Carreira en data 28/12/2005 realizada a sesión de contacontos no Verbum; presentada no Rexistro Xeral na data 15/03/06 (nº doc. 60027589).
- 749 € (setecentos corenta e nove euros) da factura nº 2005-016, a favor de José Ángel Casanova Orozco presentada en data 28/12/2005 realizada a actuación artística de mimo e maxia no Verbum; presentada no Rexistro Xeral na data 15/03/06 (nº doc. 60027587).
- 2.070,45 € (dousmil setenta con corenta e cinco céntimos de euro) da factura nº 12 a favor de Cyrille Clavier presentada en data 28/12/2005 realizadas as actuacións de maxia, iluminación e publicidade do evento no Verbum; presentada no Rexistro Xeral na data 15/03/06 (nº doc. 60027591).
- 290 € (douscentos noventa euros) da factura nº 2502465 a favor de Élite Musical presentada en data 27/12/2005, polo alquiler do equipo de son para a amenización do evento; presentada no Rexistro Xeral na data 15/03/06 (nº doc. 60027592).
- 188,24 € (cento oitenta e oito euros con vintecatro céntimos de euro) da minuta nº 01 presentada en data 07/03/2006 a favor de Mario Rey Rivada pola amenización do evento, presentada no Rexistro Xeral na data 15/03/06 (nº doc. 60027590).

2º.- Imputalo á partida 451.0.227.06.10 “Verbum: programa de actividades” do vixente orzamento deste ano 2006.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuíxo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

Ditas cantidades serán libradas a xustificar a favor de Xosé Lois Cea Nogueira, Director do Verbum e do Arquivo Pacheco, con NIF: 36046775 – W, encargado de abona-los traballos e debendo xustificalo con posterioridade. Para dita xustificación se presentará declaración xurada, fotocopia do CIF ou NIF segundo o caso e fotocopia das facturas ou recibís. O pago farase mediante talón nominal ós profesionais anteditos, con cargo á conta habilitada número 2080 0000 71 0040286691 de Caixanova, onde será ingresado o devandito importe.

6(336).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 5958/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Segundo o previsto na cláusula 3ª do prego de prescricións administrativas que rexe a contratación da xestión da Escola Municipal de Teatro, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12/07/2004, deberase proceder á revisión do prezo do contrato, segundo a variación que experimentou o IPC de outubro 2004 a 2005, o que supón un incremento do 3,5%, que, co custo actual do contrato, supón un total de 1.704'53.-€, para o período outubro 2005 - setembro 2006, que é o que abrangue o vixente prazo do contrato.

Doutra banda está previsto aprobar a 1ª prórroga do contrato de xestión da escola, para o período 01/10/2006 ata o 30/09/2007; con cargo ao presuposto de 2006 importaría 17.595.-€, e con cargo ao 2007 importará 32.810'53.-€, prezos aos que haberá que aplicar a variación que se produza no IPC entre outubro 2005 a 2006, en ambos casos.

Polo devandito, previos os preceptivos informes, faise a seguinte,

PROPOSTA:

1º.-“ Aprobar o novo prezo anual do contrato de xestión da Escola Municipal de Teatro, consonte co previsto na cláusula 3ª do prego de condicións administrativas que rexen o concurso, adxudicado a IMAXINERÍA,SL, CIF: B-36914372 pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 25/10/2004, do que resulta

- a) Novo prezo anual: 50.405'53-€*
- b) Novo prezo do prazo de vixencia do contrato: 32.810'53.-€ (dos que 31.701.-€ son o prezo actual e 1.109'53.-€ corresponde á aplicación do 3'5% de incremento do IPC no período outubro 2004/2005 con cargo á partida 422.0.227.06.03 do presuposto en vigor.*

2º.- A probar a PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN da Escola Municipal de Teatro, do que é adxudicataria IMAXINERÍA,SL. CIF: B-36914372, en aplicación da cláusula 5ª do prego de prescricións administrativas que rexen o contrato, por un período comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, por un importe anual de 50.405'53.-€, con cargo á partida 422.0.227.06.03, dos que 17.595.-€ serán con cargo ao presuposto de 2006 e 32.810'53.-€ con cargo ao presuposto de 2007, estando ambos prezos suxeitos á variación que experimente o IPC de outubro 2005/2006”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(337).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS” PARA O ANO 2006. EXPTE. 1874/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.03.06 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 20.03.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas populares de música de Vigo CIF. G-36855906 para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” para 2006.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto, por un importe total de 154.860 euros (cento cincoenta e catro mil oitocentos sesenta).-€, a favor da Federación de Bandas Populares de Música CIF. G-36855906 en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO – FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO.

Vigo, o xxxxx de marzo dous mil seis,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, s/n, CP 36202; en diante O CONCELLO.

Doutra parte, D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53; actuando en representación desta.

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Vigo ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo, mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións distintos barrios da cidade o longo de todo o ano dentro do programa denominado “Vigo, un mar de bandas”, co obxecto de achegar a a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos.

2. Que dende o ano 1990 o Concello de Vigo e as bandas populares de música de Vigo veñen suscribindo convenios de colaboración de forma ininterrumpida, con resultados moi satisfactorios para ambas partes.

Considerando o interese do exposto, o Concello de Vigo e a Federación de bandas populares de música de Vigo establecen a súa relación para o exercicio 2006 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do término municipal agrupadas na Federación de Bandas, a través da programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade, dentro do programa “Vigo, un mar de bandas”, e da posta en funcionamento do programa de formación continua para músicos “Aulas de música nas bandas”.

SEGUNDA.- O importe total deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a 154.860 € (cento cicoenta e un mil oitocentos sesenta euros), aplicable á partida 451.2.227.06.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio 2006.

TERCEIRA.- O número total de actuacións con cargo ó presente convenio será de cento dezasete (117), trece por cada unha das bandas asinantes,

As contías que se establecen por actuación e banda, a proposta da federación, son as seguintes:

<i>“UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES”</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“UNIÓN MUSICAL DE CORUXO”</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“ESCOLA DE MUSICA DE BEADE”</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“AGRUPACION MUSICAL ATLANTIDA DE MATAMÁ</i>	<i>1.176.-</i>
<i>“LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA”</i>	<i>1.114.-</i>
<i>“ESCOLA DE MÚSICA DA UVCD DE CANDEÁN”</i>	<i>1.114.-</i>
<i>“UNION MUSICAL DE CABRAL”</i>	<i>991.-</i>
<i>“AS DELICIAS DO CAEIRO-CABRAL”</i>	<i>991.-</i>
<i>“ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE”</i>	<i>991.-</i>

Nestas cantidades enténdense incluídos tódolos gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).

Establécense as cantidades seguintes a favor da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo: 6.000, en concepto de planificación e organización de actividades complementarias e da coordinación e pagamento das actuacións das bandas previstas neste convenio; e 30.000 euros para a posta en funcionamento do programa de formación continua para os músicos pertencentes as nove bandas “Aulas de música nas bandas”.

CUARTA.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle á Concellería de Festas e Animación Sociocultural, en coordinación coa federación. Quedarán excluídas do convenio aquelas actuacións en festas populares; ademais, incluíranse actuacións en desfiles, pasarrúas ou procesións, ata un máximo de catorce.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello de Vigo poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

QUINTA.- As obrigas que asume a Federación de bandas de música populares de Vigo respecto do Concello son as seguintes:

- 1. Que cada unha das nove bandas representadas a través da Federación e relacionadas na cláusula terceira, realicen trece actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello*
- 2. A Concellería de Festas e Animación Sociocultural comunicará á federación os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:*
 - se a data indicada estivera dispoñible, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*
 - se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o*
 - recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*
 - Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.*
- 3. As bandas presentarán á Federación de Bandas Populares de Vigo solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio), antes do día 26 de decembro.*
- 4. A Concellería de Festas entregará á Federación de Bandas un total de 9 estruturas publicitarias desmontables co seu logotipo oficial, para repartir a cada unha das bandas asinantes. Esta estrutura deberá estar presente nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visible. En caso de que algunha das bandas incumpla este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*
- 5. Con relación o programa "Aulas de Música nas Bandas" a federación de bandas presentará un informe cuatrimestral sobre o desenvolvemento do antedito programa que incluírá datos sobre os cursos e a súa duración, número de alumnos inscritos, profesorado, relación de materias impartidas por curso, contidos e obxectivos destas materias, e outras actividades complementarias que de realicen. No último cuatrimestre a federación presentará un informe final sobre os obxectivos acadados coa posta en funcionamento do antedito programa. Todo o material didáctico utilizado nas "Aulas de Música nas bandas" levarán o logotipo do Concello de Vigo.*

SEXTA.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo da Concellería de Festas naquel que edite a propia entidade.*
- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.*
- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*

SÉTIMA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas e animación Sociocultural, son as seguintes:

- 1. Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que estipule coa Federación de Bandas. Así mesmo, organizará un ciclo dentro das Festas do Cristo da Victoria 2006, no que tomarán*

parte obrigatoriamente as nove bandas, e que se celebrará en lugar a determinar polo concellería, entre os días 15 de xullo e 1 de agosto, ambos inclusive.

2. *Comunicarlle á federación os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a esto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*
3. *Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión ós medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.*
4. *Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa Federación de Bandas, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ó aire libre en zonas peatonais, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respetar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.*

OITAVA.- O mecanismo de seguemento deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación", asinados pola entidade correspondente, e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos.

NOVENA.- O Concello de Vigo aboará a Federación de Bandas de Música Populares de Vigo a cantidade estipulada na cláusula segunda 154.860 € (cento cincuenta e catro mil oitocentos sesenta euros) do seguinte xeito:

- ✓ *Un primer pagamento na segunda quincena maio por importe de 51.620 euros (cincuenta e un mil seiscientos vinte) que tramitarase previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral. A federación de Bandas Populares terá que incorporar a antedita solicitude tódalas certificacións de actuación realizadas polas bandas ata esa data e o informe relativo o desenvolvemento do programa "Aulas de Música nas Bandas"*
- ✓ *Un segundo pagamento na segunda quincena de setembro por importe de 51.620 euros (cincuenta e un mil seiscientos vinte) que tramitarase previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral. A federación de Bandas Populares terá que incorporar a antedita solicitude tódalas certificacións de actuación correspondentes a este periodo e o informe relativo o desenvolvemento do program "Aulas de Música nas Bandas"*
- ✓ *Un terceiro e derradeiro pagamento na primeira quincena de decembro por importe de 51.620 € (cincuenta e un mil seiscientos vinte) . A Federación de Bandas Populares de Vigo terá que presentar a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento xunto con tódalas certificacións de actuacións pendentes, ata completar as 117 actuacións recollidas na cláusula terceira, e unha memoria-avaliación do programa "Vigo,un mar de bandas 2006. O pagamento tramitarase previa certificación da responsable técnica da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do cumprimento do clausulado do presente convenio. A federación terá que aportar ademáis, o informe final relativo o desenvolvemento do programa "Aulas de Música nas Bandas" en cumprimento do estipulado na cláusula quinta. 5.*

DÉCIMA.- O Concello de Vigo poderá descontar no derradeiro pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas na cláusula terceira) polos seguintes motivos:

1. *Unha incomparecencia inxustificada a un concerto.*
2. *Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións.*
2. *Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

DECIMOTERCEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado na data e lugar indicados, facilitándose unha copia a cada unha das bandas asinantes.

8(338).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CINE CLUBE LUMIÈRE PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN DE CINE PARA O ANO 2006. EXPTE. 1873/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.03.06 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 20.03.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Cine Clube Lumière para a organización de programación de cine no auditorio municipal durante o ano 2006.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 10.000.-euros, a favor do Cine Clube Lumiere, CIF G-36758696, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.02, do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o vixente exercicio.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- CINE CLUBE LUMIÈRE
PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMACIÓN DE CINE PARA O 2006*

Vigo, o de marzo de dous mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dª ANABEL GONZÁLEZ PENÍN, NIF 36.089.492, PRESIDENTE e en representación do CINE CLUBE LUMIERE, CIF G-36758696, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Doutor Cadaval, 33, 4º A; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que o Cine Clube Lumiere é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que ven levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica mensuais e permanentes en colaboración con distintas entidades (Alianza francesa, Colexio de Arquitectos, Deputación provincial...).

2. Que O CONCELLO está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo asinou un convenio de colaboración similar no ano 2005.

3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación de cine ó longo do exercicio 2006 no Auditorio Municipal, entre os períodos de marzo-xuño, e setembro-décembro.

SEGUNDA.- As obrigas que asume O CONCELLO son as seguintes:

- 1. Achegar a cantidade total de 10.000.-€, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
- 2. Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para tódolos luns dos periodos indicados do exercicio 2006, para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á ENTIDADE, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentariase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose O CONCELLO da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.*

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

- 1. Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.*
- 2. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin.*
- 3. Asumir tódolos gastos que se deriven da organización destas actividades e obter tódolos permisos e autorizacións necesarias para a súa realización.*

4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.
6. Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.
7. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: número de asistentes, memoria de prensa, balance económico con detalle de gastos e ingresos.

CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo do presente convenio, ascende a un importe total de 24.571,17.-€. -euros, dos que O CONCELLO financiará un importe total de 10.000.-euros.

QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, e o seu acceso será controlado mediante cobro de entradas. A xestión das entradas e da recaudación será total responsabilidade da ENTIDADE.

SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (10.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0169 50 004000297.6, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, según o seguinte:

- Un primeiro pagamento por importe de 5.000.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 7, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do periodo marzo-xuño. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.
- Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 5.000.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 7, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do periodo setembro-décembro. O pagamento realizarase previa certificación da responsable técnica da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A Concellería de Festas resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posible axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006 e así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

ANEXO I
ORZAMENTO

Segundo a documentación presentada polo CINE CLUBE LUMIERE, o orzamento de gastos previsto para a organización da programación de cine para o ano 2006 é o seguinte:

A) GASTOS:

* Alquiler de películas	10.821,92 €
* Alquiler de oficina	2.163,64 €
* Imprenta	3.000,06 €
* Proxeccionista	2.404,06 €
* Portes	2.900,70 €
* Organización xeral	3.280,79 €

TOTAL 24.571,17 €.

B) INGRESOS:

* Cotas de socios e colaboradores	8.773,07 €
* Achega do Concello de Vigo	10.000,00 €
* Achega Colexio Arquitectos	1.601,90 €
* Publicidade	4.196,20 €

TOTAL 24.571,17 €.

9(339).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE MARZO DE 2006. EXPTE. 1878/335.

Mediante providencia de data 31.03.06, en cumprimento coa base 31ª das de Execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2006, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de marzo do ano en curso, que son os seguintes:

EXPTE. 1875-335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE EMBALAXE, CLASIFICACIÓN, TRANSPORTE E ALMACENAMENTO DO MATERIAL UTILIZADO NA FESTA DA RECONQUISTA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-03-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 13174

ADXUDICATARIO: CARICRIS, S.L.

IMPORTE: 7.656,00€

EXPTE. 1870-335. CONTRATACIÓN DO ESPECTACULO DE DANZA “ESTA NOITE HAY UNHA FIA”.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-03-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 11663

ADXUDICATARIO: ASOCIACIÓN FOLCLORICA O FIADEIRO.

IMPORTE: 3.000,00€

EXPTE. 1864-335. GASTOS VARIOS OU IMPREVISTOS DERIVADOS DA FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-03-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 10910

ADXUDICATARIO: VARIOS.

IMPORTE: 8.000,00€

EXPTE. 1866-335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN ENTORNO CASCO VELLO CO GALLO DA FESTA DA RECONQUISTA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 8-03-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 10908

ADXUDICATARIO: FOKE DIGITAL SHOP, S.L.

IMPORTE: 11.208,00€

EXPTE. 1865-335. SERVIZO DE REPARACIÓN, TRASLADO, MONTAXE E DESMONTAXE DO CONXUNTO ESCENICO DA PORTA DA GAMBOA. FESTA DA RECONQUISTA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 9-03-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 10909

ADXUDICATARIO: FOKE DIGITAL SHOP, S.L.

IMPORTE: 11.215,80€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(340).- PROXECTO DE REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS. EXPTE. 72152/210.

Antecedentes

O Boletín Oficial das Cortes Xerais (Congreso dos Diputados) de data 31 de marzo publicou, iniciándose con iso o trámite parlamentario, o “Proxecto de Lei de mellora da protección dos consumidores e usuarios” aprobado polo Consello de Ministros nunha reunión dde 26 de marzo.

O art. 3 do Proxecto prevé a modificación da Lei 40/2002, de 14 de novembro, Reguladora do contrato de aparcamento de vehículos, e indica que na modalidade de estacionamento rotatorio o prezo pactarase por minuto.

A Disposición Transitoria Segunda do Proxecto advirte que a obriga mencionada será esixible aos titulares dos aparcamentos transcorridos tres meses dende a súa entrada en vigor.

Co fin de incorporar as novidades do Proxecto de Lei procede a modificación do art. 8 incluíndo un novo apartado d) do art. 11.1., facendo referencia expresa á tarificación por minuto, e da Disposición Transitoria Segunda da proposta do Proxecto de Regulamento presentada, polo que neste senso a Xunta de Goberno local por unanimidade, adopta o seguinte

Acordo

Primeiro: Aprobar o Proxecto de Regulamento regulador do servizo e réxime de uso de aparcadoiros, subterráneos públicos de vehículos na Cidade de Vigo, segundo redacción que consta no anexo a este acordo.

Segundo: Propor ao Pleno a súa aprobación inicial publicando anuncio no BOP no que se someta a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días ao obxecto de que poidan presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

REGULAMENTO REGULADOR DO SERVIZO E RÉXIME DE USO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE VEHÍCULOS NA CIDADE DE VIGO.

Artigo 1.- OBXECTO

A presente norma ten por obxecto regular o servizo de estacionamento nos aparcadoiros municipais xestionados indirectamente a través de concesionario establecendo, sen prexuízo do que en cada caso determinen os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, o rexime xurídico básico entre os usuarios e o concesionario.

Artigo 2.- USUARIO E CONCESIONARIO

Denomínase usuario á persoa física que acceda ó servizo de estacionamento de vehículos a motor, cos deberes de vixilancia e custodia durante o tempo de ocupación, a cambio dun prezo determinado en función do tempo de estacionamento.

Denomínase concesionario á persoa física ou xurídica que previa adxudicación e a través do correspondente contrato administrativo xestiona indirectamente o servizo de estacionamento de vehículos competencia da Administración Municipal durante o periodo estipulado someténdose para elo os Pregos que rexen a relación contractual e ó presente Regulamento percibindo dos usuarios unha prestación económica que lle permite amortizar o desembolso inicial e os correspondentes gastos de construción e explotación acadando o normal beneficio industrial e asumindo a obriga de reverter ó Concello os elementos materiais afectos ó servizo.

Artigo 3.- HORARIO DO SERVIZO

O horario de funcionamento do servizo será continuado de 0.00 horas a 24.00 h.

O Concello poderá modificar o horario de funcionamento, en razón do interese público, cando o considere necesario para mellorar a calidade do servizo.

Artigo 4.-TIPOS DE PRAZAS DE APARCADOIRO

Sen prexuízo do que en cada caso determinen os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares os aparcadoiros poderán ter os seguintes tipos de prazas:

a) Prazas de uso público sen reserva. Serán ocupadas polos vehículos pola orde da súa chegada sen que poida ser rexeitado ningún vehículo, mentres haxa prazas libres destinadas a este uso. En todo caso reservaranse un 2% das prazas para persoas discapacitadas na súa mobilidade que estarán convenientemente sinalizadas, estas prazas terán as dimensións previstas na normativa aplicable e localizaranse preto das saídas peonís.

b) Praza de abonos diurnos, nocturnos e de 24 horas sen dereito a reserva.

1.- Agás que polo órgano de contratación se autorice outro horario e porcentaxes o abono diurno deberá estar comprendido entre as 8.00 h. e as 21.00 h, sen que teña que ser necesariamente de trece horas. O número máximo de abonos diurnos, conxuntamente cos que poidan establecerse de 24 horas, non poderá exceder dun 25% da capacidade do aparcadoiro excluídas as prazas de residentes no seu caso. O prezo será inferior ó 70% do que resulte aplicar ás tarifas normais vixentes.

2.- Agás que polo órgano de contratación se autorice outro horario e porcentaxes o abono nocturno deberá estar comprendido entre as 21 horas e as 8.00 h do día seguinte non tendo necesariamente que ser de once horas. O número máximo de abonos nocturnos conxuntamente cas que poidan establecerse de 24 horas, non poderá exceder do 60% de capacidade do aparcadoiro excluídas as prazas de residentes no seu caso. O prezo será inferior ó 50% do que resulte aplicar as tarifas normais vixentes.

3.- Os abonos de 24 horas non poderán exceder respectivamente dun 25% ou dun 60% cas que poidan establecerse como diurnos ou nocturnos excluídas as prazas de residentes no seu caso. O prezo será inferior ó 75% do produto que resulte de multiplicar o importe máximo por vinte e catro horas e polo número de días de abono.

c) Prazas de abonos de 24 horas con reserva de praza.

1.-O concesionario deberá garantir que o usuario desta modalidade teña praza libre para estacionar o seu vehículo unha vez que acceda ó interior do aparcadoiro.

2.-As prazas de reserva deberán estar convenientemente sinalizadas e agrupadas en áreas concretas do aparcadoiro.

d) Nos aparcadoiros que así se determine poderán existir prazas en cesión de uso para residentes do ámbito inmediato durante o tempo da concesión. O réxime xurídico destas prazas establecerase nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Artigo 5.- DEREITOS DOS USUARIOS.

- 1.- O usuario, unha vez no interior do aparcadoiro, terá sen que elo supoña exclusión, os seguintes dereitos:
- a) Dispondrá dunha praza de aparcadoiro libre para o estacionamento do seu vehículo.
 - b) Utilización do servizo nas debidas condicións de seguridade.
 - c) Solicitar follas de reclamacións a fin de expresar a súa disconformidade coa prestación do servizo.
 - d) Devolución, no seu caso, da diferenza cobrada en exceso por perda da tarxeta ou ticket, unha vez éste apareza, cos condicionantes dos apartados 2 e 3 do artigo 15 deste Regulamento.
 - e) Uso e disfrute dos servizos adicionais (lavado) que poida presta-lo aparcadoiro, mediante o seu correspondente abono económico.
 - f) Ser informados de tódalas cuestións derivadas da petición e funcionamento do servizo, así como recibir contestación por escrito de calquera reclamación formulada no prazo regulamentariamente previsto.

Artigo 6.- OBRIGAS DOS USUARIOS.

Polo mero feito de acceder ó interior dun aparcadoiro, todo usuario tendrá as seguintes obrigas:

- a) Abonar as tarifas correspondentes á estancia do seu vehículo antes da súa retirada, conforme ás tarifas que estiveran vixentes.
- b) Estaciona-lo seu vehículo nas dársenas habilitadas ó efecto, na forma establecida no apartado 3 do artigo 9 deste Regulamento.
- c) Exhibir o xustificante ou resguardo do estacionamento ou acreditar, no caso de extravío, o seu dereito sobre o vehículo para proceder ó retiro.
- d) Non causar danos a outros vehículos ou as dependencias e instalacións do propio aparcadoiro, en concordancia co apartado 3 do artigo 9 deste Regulamento.
- e) Seguer as instrucións emanadas do persoal do aparcadoiro respecto ó uso e seguridade do mesmo en beneficio da boa marcha do servizo e da súa normal explotación.
- f) Unha vez abonado o importe correspondente á estancia do seu vehículo, o usuario deberá abandona-lo aparcadoiro no prazo máximo de quince minutos. En caso contrario o Concesionario poderá cobrarlle o importe da fracción ou fraccións horarias que excedan de dito tempo ata efectua-la saída.
- g) O usuario será responsable fronte ó concesionario e ós demais usuarios dos danos e perdas que lles cause por incumprimento dos seus deberes ou impericia na conducción do vehículo dentro do aparcadoiro.
- h) Retirar do seu vehículo unha vez estaconado os accesorios non fixos e extraíbles como radiocassettes e teléfonos móbiles non acadando, no seu defecto, o concesionario responsabilidade sobre a súa restitución.

Artigo 7.-DEREITOS DO CONCESIONARIO

Sen prexuízo do dereito de inspección e vixilancia do servizo público e daqueles outros que se determinen nos distintos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares o concesionario ostentará, respecto dos usuarios do servizo, os seguintes dereitos:

- a) Xestionar e explotar o servizo de aparcadoiro durante o prazo da concesión, de acordo co contrato, coas normas que sexan de aplicación e coa decisións que no exercizo das súas potestades adopte o Concello de Vigo.
- b) Percibir dos usuarios do servizo público as tarifas aprobadas.
- c) O concesionario terá, fronte a calquera persoa, dereito de retención sobre o vehículo en garantía do pagamento da tarifa do aparcadoiro.
- d) Denegar o acceso ó servizo a aqueles usuarios incursos en débedas por impagos.
- e) O concesionario poderá solicitar o auxilio e presenza da Policía Local do Concello de Vigo ó obxecto de facer cumprilo indicado nas sinalizacións interiores do aparcadoiro ou ben co fin de evitar por parte dos usuarios conductas incívicas ou antisociais.
- f) O concesionario poderá utilizar o procedemento previsto no artigo 71 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial cando permaneza un vehículo estacionado de xeito continuado no mesmo lugar de aparcadoiro por un período de tempo superior a seis meses de xeito que se presuma racionalmente o seu abandono, ben polo seu propio estado, polos desperfectos que teña e que fagan imposible o seu desprazamento, por non ter placas de matriculación ou, en xeral, por aqueles sinais externos que fagan presumir a falla de interese do propietario na súa utilización.
- g) Calquera outro tipo de dereitos ou facultades de policía que se lle atribúan polo órgano de contratación e que sexan necesarios para a correcta prestación do servizo. Os actos do concesionario no exercizo destas facultades serán reclamables ante o órgano de contratación.

Artigo 8.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO

1.- Serán obrigas do concesionario:

- a) Xestionar e explotar o servizo público obxecto de concesión, asumindo o seu risco económico.
- b) Prestar o servizo público co nivel e a continuidade requerida, segundo o disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e na proposta presentada. O concesionario realizará a xestión de conformidade coas ordes que dicte o órgano de contratación do Concello de Vigo.
- c) Admitir a utilización do servizo público a todo usuario, de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación.
- d) Entregar ó usuario un xustificante ou resguardo do aparcamento, con expresión do día, hora e minuto de entrada. No xustificante farase constar en todo caso, a identificación do vehículo e se o usuario fai entrega ao responsable do aparcamento das chaves do mesmo. O vehículo identificarase mediante a súa matrícula ou calquera marcador que permita tal identificación no xustificante ou resguardo do aparcamento entregado ó usuario.
- e) Manter e conservar as instalacións afectas ó servizo público obxecto de concesión, dentro das condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, seguindo as

indicacións que lle efectúe o Concello, realizando pola súa conta tódalas obras de conservación e mantemento e cantos gastos sexan necesarios para elo, respondendo mesmo dos deterioros producidos polos usuarios.

- f) *Contratar e manter en vigor as pólizas de seguro previstas no Prego de Cláusulas Administrativas..*
- g) *Respectar o obxecto da concesión e os límites establecidos na mesma, non podendo destinar as instalacións a un uso distinto do pactado e absterse de realizar obras ou alteracións que modifiquen a prestación do servizo público sen previa autorización do Concello.*
- h) *Implantar as tarifas que en cada momento estean vixentes, previa a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.*
- i) *Indemnizar os danos que ocasionados a terceiros, nos seus bens e dereitos, por mor da prestación do servizo, cando lle sexan imputables de acordo co artigo 97 do TRLCAP.*
- l) *Vixiar tódalas instalacións dos aparcadoiros, así como custodiar os vehículos nel estacionados, restituíndo ó portador do xustificante do uso do aparcadoiro, o vehículo no estado no que lle foi entregado e os compoñentes e accesorios que se atopen incorporados funcionalmente –de xeito fixo e inseparable- a aquel e sexan habituais e ordinarios, pola súa natureza e valor, no tipo de vehículo de que se trate.*
- m) *Vixiar e impedir adoptando as medidas que estime oportunas, o estacionamento indebido de vehículos naquelas zonas non establecidas como dársenas.*
- n) *Calesquera outras previstas na lexislación vixente.*

Artigo 9.- UTILIZACIÓN DO APARCADOIRO.

A fin de que os usuarios das vías públicas teñan coñecemento da oferta de prazas de aparcadoiro de cada aparcadoiro establecerase a sinalización mediante paneis de forma que:

- 1.- Para poder acceder un usuario ó recinto do aparcadoiro, o sistema de control establecido polo concesionario deberá reflectir na súa sinalización a palabra LIBRE, indicando o número exacto de prazas nesta situación que deberá estar conectada ó panel indicador de aparcadoiro (P) situado na inmediación de cada un dos accesos de entrada.*
- 2.- Unha vez cubertas as prazas no panel indicador sinalizárase coa palabra COMPLETO e ningún vehículo poderá acceder ó interior do aparcadoiro, baixo responsabilidade, no seu caso, do concesionario.*
- 3.- Calquera usuario que acceda ó interior do aparcadoiro estacionará o seu vehículo nunha soa praza non interferindo as contiguas.*
- 4.- Para dar cumprimento ó apartado anterior, o concesionario poderá tarifar ó usuario que estacione o seu vehículo indebidamente o importe correspondente a tantas prazas como ocupe ou impida o aparcadoiro de outro vehículo en tales espazos.*
- 5.- Calquera dano causado por un usuario ou o seu vehículo ó de outro ou as dependencias e instalacións do aparcadoiro, deberá ser comunicado de inmediato ó encargado ou calquera outra persoa da empresa concesionaria, sendo, en todo caso, responsable dos danos e perxuizos ocasionados.*

Artigo 10.- FOLLA DE RECLAMACIÓNS.

- 1.- *As follas de reclamacións representan o medio de comunicación entre o usuario e o Concello de Vigo como titular do servizo, cando aquel observe deficiencias na súa presentación.*
- 2.- *O modelo será o que se establezca pola Oficina Municipal de Información ó Consumidor.*
- 3.- *As follas de reclamacións serán facilitadas polo Concello de Vigo ó concesionario a medida que se vaian cumprimentando as anteriores, debidamente secuenciadas e seladas.*
- 4.- *O concesionario entregará no momento que para elo sexa requerido a folla ou follas de reclamacións solicitada/as polo usuario.*
- 5.- *Unha vez efectuada a reclamación, o usuario levará a súa folla correspondente como comprobante. O concesionario quedarase cunha copia e remitirá outra ó Concello de Vigo no improrrogable prazo de cinco días desde que se produciu a reclamación có correspondente informe de alegacións que servirá de base para a resolución que proceda que se emitirá pola Concellería Delegada de Tráfico nos dez días seguintes..*
- 6.- *Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá cartel normalizado polo Concello de Vigo, indicador da existencia de Follas de Reclamacións.*

Artigo 11.- TARIFAS

- 1.- *As tarifas máximas a percibir dos usuarios pola utilización das prazas de aparcadoiro de uso público serán as propostas polo adxudicatario na súa oferta coas revisións que sinalen os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares. O seu importe será por minutos de estacionamento sen posibilidade de redondeos a unidades de tempo non efectivamente consumidas ou utilizadas.*
- 2.- *O importe exacto das tarifas exhibirase mediante panel indicador en cada unha das entradas de vehículos.*
- 3.- *Dadas as inevitables fraccións de céntimo de € o importe final da estancia, co fin de posibilita-lo seu pago a través dos caixeiros automáticos, terá unha equiparación a fraccións de 5 cts. e os seus múltiplos en virtude da proximidade en menos ou en mais a esas cifras.*
- 4.- *Os sistemas de pago preverán o sistema de abono multiaparcadoiro mediante a utilización dunha tarxeta de prepago, con validez para un determinado número de horas, que poderá ser utilizada indiferentemente en calquera dos aparcadoiros municipais. O Concello poderá establecer un prezo bonificado de dita tarxeta sen afección ós ingresos do concesionario.*
- 5.- *As tarifas presentadas polo adxudicatario na súa oferta e as actualizadas que se aproben polo órgano de contratación terán o carácter de máximas. O concesionario poderá aplicar tarifas máis reducidas que deberán aplicarse ós usuarios da forma non discriminatoria. O concesionario deberá comunicar ó Concello a aplicación de ditas reducións, a súa xustificación e a súa repercusión, no seu caso, no Plan Económico-Financieiro.*

Artigo 12.- DIRECTORIO DE ESTABLECEMENTOS CONCERTADOS CO APARCADOIRO.

- 1.- *O concesionario disporá en tódolos accesos peatonais do andar onde estean as caixas, e xunto a elas, dun directorio no que se especifique aqueles establecementos que manteñen concerto co citado aparcadoiro. No mesmo,*

se indicará de xeito claro que o usuario antes de abandonar a súa instancia consulte co establecemento as condicións do concerto.

2.- Os establecementos que concerten abonos de estancias o farán sempre en fraccións de horas completas ou de medias horas.

Artigo 13.- CAIXEIROS MANUAIS.

1.- Cada aparcadoiro contará, alomenos, cun recinto destinado a caixa atendido por persoal do concesionario durante as vinte e catro horas do día e durante todos os días do ano.

2.- Así mesmo, respecto ó tipo e cantidade de moedas admisibles, estarase ó disposto nas Leis 46/1998 e Orgánica 10/1998, así como ó resto de normativa vixente ó respecto.

3.- O concesionario deberá atender para o cambio de moedas a cantidade de vinte euros como máximo sempre e cando o importe a abonar sexa inferior a dita cantidade. En caso contrario a cantidade reducirase a dez euros sobre a última fracción da cifra anterior.

4.- Tanto nos caixeiros manuais como automáticos deberá admitirse o pagamento mediante tarxeta de crédito ou mediante a tarxeta que en cada momento facilite ós cidadáns o Concello para o uso do transporte público.

Artigo 14.- CAIXEIROS AUTOMÁTICOS.

1.- O concesionario podera instalar caixeiros automáticos nos aparcadoiros que ostentarán a correspondente homologación.

2.- O caixeiro automático deberá poder dar cambio nas mesmas condicións que as esixidas ós caixeiros manuais no apartado 3 do artigo anterior.

3.- Os caixeiros automáticos deben dispor de caixas para os billetes de cinco euros, dez euros e vinte euros. Para o cambio de billetes de superior denominación ós citados estarase ó indicado no Apartado 3 do artigo anterior.

Artigo 15.- PERDA OU EXTRAVÍO DE TICKET.

1.- En caso de perda da tarxeta ou ticket, antes ou despois do seu abono na caixa, o usuario deberá abonar, en concepto de depósito, o importe correspondente a vinte e catro horas, sempre e cando o vehículo non permanecera no aparcadoiro máis de vinte e catro horas, senón abonarase o importe de vinte e catro horas por cada día da súa estancia. Unha vez apareza o ticket, procederase a devolver, no seu caso, o importe cobrado en exceso.

2.- O concesionario emitirá un recibo, no que se reflexará o importe cobrado a tenor do apartado 1 e que servirá como documento xunto coa ficha ou ticket, cando apareza, para proceder á devolución do importe abonado en exceso, no seu caso.

3.- O prazo para canxear o ticket establécese en tres meses desde a emisión do recibo ó que fai mención o apartado 2.

Artigo 16.- CONSIGNAS AUTOMÁTICAS.

- 1.- A instalación de consignas automáticas no interior dun aparcadoiro requerirá a preceptiva autorización municipal.
- 2.- Non estarán á vista do público polo que a este efectos habilitarase un cuarto pechado, no que a apertura se efectuará polo persoal do aparcadoiro a requerimento dalgún usuario da mesma.
- 3.- Sinalizarase adecuadamente nas caixas e demais lugares que se estimen oportunos, a existencia de dito servizo.
- 4.- O prezo pola utilización das mesmas será simbólico e se destinará a cubrir gastos do mantemento.
- 5.- Por medidas de seguridade, cando un usuario manifieste extraviar a chave da súa consigna, deberá facer, por escrito, unha relación exhaustiva do depositado nela, características, etc., que entregará ó persoal do aparcamento. Pasadas 24 horas, se procederá a abrir por parte do concesionario a consigna sen a presenza física do usuario a efectos de comprobar o seu contido de forma externa e verificar que a descrición corresponde co manifestado por escrito polo usuario. De ser correcta a descrición, farase entrega do contido ó usuario.
- 6.- O cumprimento do apartado anterior, non faculta ó concesionario á apertura dos artigos depositados no interior da consigna.

Artigo 17.- *SERVIZOS HIXIÉNICOS.*

- 1.- En tódolos aparcadoiros existirán servizos hixiénicos de dimensións adecuadas e separados para homes e mulleres.
- 2.- O concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección, podendo autorizarselle o cerre, para garantir ditos extremos, polo que calquera usuario que queira entrar en eles deberá solicitar, previamente, a correspondente chave na caixa.
- 3.- O Concello poderá autorizar a instalación de pechaduras nas portas de acceso que únicamente permitirán a súa apertura mediante a introducción da correspondente moeda ou ficha, segundo o caso. O custo para o usuario deberá ser simbólico, destinándose ditos importes a unha mellora nas súas prestacións.

Artigo 18.- *OUTROS SERVIZOS*

Con independencia da prestación do servizo de aparcadoiro obxecto da concesión, poderá existir, previa autorización municipal expresa e sen que elo minore o número de prazas de aparcadoiro previsto no proxecto constructivo un servizo de lavado, sempre que tal servizo non produza percusión ou inhalación non permisible en virtude do establecido nas ordenanza municipais.

Artigo 19.- *FALTAS E SANCIÓN*S

- 1.- Consideraranse infraccións do concesionario aquelas tipificadas como tales nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen en cada concesión.
- 2.- As sancións ós usuarios imporanse previo o correspondente procedemento instruído de conformidade coa lexislación aplicable.

3.- Terán carácter de infraccións graves as seguintes conductas do usuario.

- a) *Perturbación da continuidade do servizo.*
- b) *Non atender as normas e instrucións do concesionario manifestadas a través dos seus empregados respecto ó uso e seguridade do aparcadoiro e os seus usuarios.*

4.- *As infraccións graves serán sancionadas con multa de 12 a 60 euros, segundo a súa transcendencia, con independencia da responsabilidade por danos que a conducta poida haber ocasionado.*

5.- *Calquera outra infracción, será considerada falta leve e será motivo de apercibimento. A súa reiteración considerarase falta grave.*

6.- *Será competencia da Xunta de Goberno Local a imposición de sancións.*

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1.-Durante o período concesional, o concesionario estará na obriga de facilitar ó Concello de Vigo, na forma que no seu momento se determine, cantos datos sexan solicitados sobre o uso do estacionamento e incidencias, así como calquera outro extremo de tipo estadístico, laboral ou fiscal que sexa requerido.

2.-Sen menoscabo do anterior, a información sobre o número de vehículos que entran e saen cada día, duración das estancias e grao de ocupaciónh deberá ser subministrada ó Concello en tempo real de tal forma que a Administración Municipal poida exercer un adecuado control da concesión e o encamiñamento de vehículos no municipio de acordo coa súa política de mobilidade.

DISPOSICION TRANSITORIA PRIMEIRA.

No prazo do ano seguinte a entrada en vigor deste Regulamento as distintas empresas concesionarias do servizo deberán adoptar os seus paneis de información exterior ás características indicadas no artigo 9.1. deste Regulamento. No prazo de dous meses deberá implantar a sinalización prevista no artigo 11.2.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

Sen prexuízo do que se poda establecer en normas de rango superior que sexan de aplicación a aqueles servizos de aparcadoiro que foran obxecto de concesións anteriores seralles esixible a tarificación por minuto prevista no art. 11.1 no prazo de tres meses dende a entrada en vigor deste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que o mesmo fose aprobado definitivamente no Concello Pleno e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcurrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

11(341).- SOMETEMENTO A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO

SERVIZO PÚBLICO DE SEIS APARCADOIROS EN DIVERSOS LUGARES DA CIDADE E DO ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN E OBRA. EXPTE. 72151/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 3.03.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

O Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de data 12.09.2005, en uso da súa atribución sinalada no art. 123.1.k da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou xestionar indirectamente mediante concesionario os servizos públicos dos novos aparcadoiros a localizar nos ámbitos de Rosalía de Castro, Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Genaro de la Fuente e Castelao.

En virtude do anterior polo Departamento de Mobilidade e Seguridade deste Concello impulsáronse os traballos e actuacións previas a realizar procedendo á contratación dunha asistencia técnica que tivo por obxecto a redacción do Anteproxecto de explotación e de obras que se menciona no art. 158.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos de Administracións Públicas (TRLCAP), así mesmo confeccionáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas.

Mediante Resolución de data 30 de marzo o Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade acordou a incoación de expediente administrativo para a contratación da xestión do servizo público e da execución das obras dos aparcadoiros mencionados.

Ó expediente incoado figuran incorporados o Anteproxecto de explotación e de obras os Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e informe do Xefe de Área de data 4 de abril.

INFORME.-

O art. 158.1 do TRLCAP indica que todo contrato de xestión de servizos públicos irá precedido da aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que especificará o réxime xurídico básico regulador do servizo, e do Prego de Prescricións Técnicas (PPT). O apartado 2 do mesmo precepto sinala que cando tales contratos comprendan execución de obras a tramitación do expediente irá precedida da elaboración e aprobación administrativa do Anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas a súa realización. Engade o precepto que, neste suposto, é dicir, cando exista execución de obra, será de aplicación os preceptos establecidos no TRLCAP para a concesión de obras públicas.

Sen prexuízo do ata o de agora exposto o Tribunal Supremo na súa sentenza de 22 de xuño de 2004 (RJ 2004\4111) entende que nos contratos de xestión de servizos públicos, os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, antes da súa aprobación polo órgano de contratación deben ser sometidos a información pública por un periodo de trinta días hábiles en virtude do sinalado no art. 121 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 1955, precepto que non cabe entender derogado por ningunha norma posterior, é máis considera que a ausencia dese trámite supón unha nulidade de pleno dereito.

Polo que se refire ó Anteproxecto de explotación e de obra mencionado no art. 158.2 do TRLCAP a remisión que este precepto efecuta ó contrato de concesión de obras públicas obriga a esta Administración Municipal a observar o sinalado no art. 228 do mesmo corpo legal referido ó Anteproxecto de construción e explotación, precepto que, ademais de mencionar a documentación que en todo caso ha de conter, tamén determina que o Anteproxecto en cuestión debe ser sometido a información pública polo prazo de un mes para que podan formularse cantas observacións se consideren oportunas sobre a ubicación e características da obra. Debe entenderse que o

Anteproxecto citado non require a súa remisión á Administración Estatal e Autonómica ó non apreciarse que nas actuacións a realizar teñan intereses afectados.

O órgano municipal competente para instrumentar as actuacións preparatorias do contrato e someter a información pública os documentos indicados é a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación de conformidade co indicado no art. 127.1.f) da LBRL.

De conformidade co exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Someter a información pública por un período de un mes, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia os Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas que no seu caso rexerán no concurso que se convoque para a xestión do servizo público de aparcadoiros mediante a construción de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto e outro anexo para residentes, a ubicar en distintos lugares do núcleo central urbano da cidade a efectos de que durante o período indicado podan presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

Segundo.- Someter a información pública polo prazo de un mes mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia o Anteproxecto de explotación e de obras referido á construción de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto e outro para residentes a localizar en distintos lugares da cidade ó obxecto de que podan formularse cantas observacións se consideren oportunas sobre a ubicación e características das obras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(342).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA O MANTEMENTO DO “PUNTO INFORMA” E REALIZACIÓN DO PROGRAMA “OBRAIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL”. EXPTE. 2319/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e 1.03.06, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 27.03.06, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a realización do “Convenio de colaboración entre a Asociación de Mulleres Dorna e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para o mantemento dun “*Punto Informa*” e a realización do programa “*Obradoiro de expresión vital e formación teatral*”

2º.- Autorizar á Concellería da Muller para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 18.390,00.- euros (dezoito mil trescentos noventa euros) con cargo á partida presupostaria de nova creación “*Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento dun -Punto Informa- e a realización do programa -Obradoiro de expresión vital e formación teatral-*” 463.2.489.00.02 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente a favor da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF núm. G 36.619.468, en concepto de execución do convenio.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil seis,

REÚNESE:

Dunha parte, Dª. Lucía Molares Pérez, Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local- Muller do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra Dª Aurita González González, con DNI nº 35.918.270, en representación da Asociación de Mulleres “Dorna”.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA OBRADOIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL”.

de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

A lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 25, 26 e 28 confiren as administracións locais competencias no eido de Muller.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 22 de novembro de 2004 aprobou o “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007”.

Este Plan trata de poñer en funcionamento unha serie de servizos e recursos, coa finalidade de proporcionar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia. A filosofía que subxace neste II Plan e a de incrementar a calidade e a atención mediante a posta en marcha de distintas medidas tendentes a proporcionar un maior apoio á vítima desde unha perspectiva non só inmediata senón a medio e longo prazo, coa finalidade de adquirir unha maior autonomía e autosuficiencia reducindo na medida do posible dependencias económicas e psíquicas, no colectivo de referencia.

En concreto na área de “Seguimento e Apoio económico a vítima”, o obxectivo 3, insta ó Concello a facilitar a socialización das mulleres vítimas de violencia de xénero colaborando co movemento asociativo no desenvolvemento de actividades que rompan co illamento das mulleres vítimas de violencia, mediante a participación informal en actividades de ocio e tempo libre, e a potenciación da participación asociativa nas súas diferentes formas.

Co obxecto de conquistar ese fin valórase positivo colaborar no proxecto presentando ao Departamento de Muller pola Asociación de Mulleres Dorna, a máis veterana da cidade de “Expresión vital e formación teatral”, como un elemento integrador e de reforzamento para romper o illamento social que, non poucas veces sofren as vítimas de violencia de xénero.

Por outra banda, o Punto de Información no barrio de Coia para mulleres vítimas de violencia de xénero, creado pola Asociación Dorna en colaboración co Concello de Vigo no ano 2001 contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos, cumprindo así un dos obxetivos do “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004.2007”:

Obxectivo nº 2: “Potencia a descentralización dos servizos e recursos da Administración Local para facilitar a detección e denuncia da violencia”. (“Área de Coordinación”)

Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

Obxectivo nº 2 “Sensibilizar e informar a poboación en xeral sobre o fenómeno de violencia de xénero” (Área de información e sensibilización social).

O Concello de Vigo obrígase a apoiar o mantemento do “Punto Informa” e a realización deste obradoiro permanente de formación teatral, dirixido ás mulleres, e comprométese a aboar as contías precisas para a realización de ambos programas.

O carácter da intervención fai máis efectiva e máis conveniente para os intereses municipais a firma dun convenio de colaboración coas actúantes, para realizar as actividades dirixidas ás mulleres que configuran estes programas, xa que o Concello non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as actividades por si só, nin é aconsellable a ampliación de medios que esixiría, dado o carácter puntual e especializado das intervencións que abrangue.

No convenio proposto prodúcese unha compensación entre as prestacións e as contraprestacións que se sinalan, que consisten básicamente na cesión de locais e equipamentos para a realización do programa e a aportación dos labores de organización e convocatoria do alumnado ou usuarias dos programas entre as mulleres de cada barrio ou parroquia, a coordinación dos recursos humanos e materiais deste programa e o fomento da participación das mulleres na actividade e na asociación.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar o obradoiro permanente de formación para mulleres “Expresión vital e formación teatral”, cun mínimo de cen horas de clases, no que participarán un mínimo de vinte alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

SEGUNDA. – OBRIGAS DA ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA

1.- A Asociación Dorna declara non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (artigo 13.7 LXS).

2.- O apoio do “Punto Informa” implica que se destine a este fin unha oficina permanente da Asociación de mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ó perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

3.- A todas as mulleres que acudan ó punto informa durante a vixencia do convenio, se lles informará da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Casa de Acollida para mulleres maltratadas, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres contra os Malos Tratos”.

4.- Durante a vixencia do presente convenio, a asociación de mulleres Dorna terá a obriga de presentar ante á Concellería da Muller un informe trimestral no que deberá incluír o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base ós criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola Concellería da Muller, e pola coordinadora do plan municipal para combater a violencia contra as mulleres, quen supervisará o bó funcionamento do servizo.

5.- Con respecto ó programa “Obradoiro de expresión vital e formación teatral”, a Asociación de Mulleres Dorna, atellará un mínimo de tres espectáculos , dos que se fará a estrea nun local que arbitrará o Concello, sen prexuízo de que se desenvolvan as representación dos mesmos que se considere de interese, así como a formación de dez clases maxistras de profesionais convidadas/os, nas que participarán un mínimo de vinte alumnas matriculadas pola propia entidade, mediante convocatoria pública ó seu cargo. Durante o ano terán prioridade as mulleres vítimas de violencia derivadas polo CMIDM ou a Casa de Acollida.

6.- A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención como é a atención directa ás usuarias do servizo. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade...

7.- As obrigas da “Asociación Mulleres Dorna Vigo”, como beneficiaria da subvención, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

8.- A Asociación de mulleres Dorna , comprométese a velar polo cumprimento do acordado mediante este convenio de colaboración.

TERCEIRA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo aportará 18.390.- euros (dezaioito mil trescentos noventa euros) en concepto de axuda para o apoio e ó mantemento destes servizos. Inclúirá tanto os consumos, e local, como o abono de salarios e os gastos de formación e de desprazamento da profesional. Estes gastos deberán ser xustificados trimestralmente ante a Oficina da Muller do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados. O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- a) A primeira de 6.130,00 euros, coa firma do presente convenio,
- b) A segunda de 6.130,00.- euros, no mes de xuño de 2006, coa entrega do informe da memoria semestral do servizo, e
- c) A terceira de 6.130,00.- euros, no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual do servizo e xustificantes de gasto.

O compromiso municipal coa “Asociación de mulleres Dorna” condiciónase a que no presuposto municipal para o ano 2006 se consigne o crédito correspondente.

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa: a guía de recursos e os protocolos da intervención.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A súa presentación se realizará, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións)

QUINTA. – COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola Concelleira Delegada de Muller estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta da asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica do Departamento da Muller.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller
- A coordinadora do “2º Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007”.

SEXTA. – VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio ten vixencia durante o 2006, dende o día da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o día 31 de decembro de 2006. Neste período deberán estar rematados todos os trámites a él referidos.

Poderá ser denunciado por calquera das partes e ser prorrogado previo acordo expreso das partes.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes.

SÉTIMA – PUBLICIDADE

Toda a publicidade deste servizo deberase realizar en galego e por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo coa lenda Concellería da Muller, e a Asociación de Mulleres Dorna en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice. O Concello de Vigo incluírá este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas ou publicidade.

OITAVA. – AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “ II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” e os “ Plans de Igualdade de oportunidades e de trato para as mulleres de

Vigo” a Asociación de mulleres Dorna axustarase ás medicións de ítems e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental que obre no “Punto Informa” e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

NOVENA. – CONFIDENCIALIDADE

Para garantir o dereito á confidencialidade das usuarias do punto informa usaranse as claves que convirían en anónimos os datos, e fixaranse limitacións de acceso ás mesmas e incluírase unha cláusula de confidencialidade no persoal que se contrate a este fin.

DÉCIMA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMO PRIMEIRA. - INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia do Concello de Vigo, logo de escoitar á comisión de seguemento do mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS

A Asociación de Mulleres Dorna declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe do prezo deste convenio”.

DÉCIMO TERCEIRA.- CLÁUSULA FINAL

Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e rexime de reintegro de subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e laboas que puideran presentarse.

13(343).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” DE VIGO PARA O APOIO AO DE REDE DE MEDIADORAS. EXPTE. 2317/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e 1.03.06, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 22.03.06, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do “Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras.

2º.- Autorizar á Concelleira da Muller para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 10.000.- euros (dez mil euros) con cargo á partida presupostaria de nova creación “Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras” 463.2.489.00.01 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo, con CIF núm. G 36.704.666, en concepto de execución do convenio.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil seis,

R E Ú N E S E:

Dunha parte, Dª Lucía Molares Pérez, Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local – Muller- do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra Dª Josefa Martínez Alonso, con DNI núm. 35.983.406-K, en representación da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO Ó MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS”

de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Executando unha das medidas contempladas no “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”: “Posta en marcha de puntos de información nos barrios para mulleres vítimas de violencia” no ano 2001 valorouse oportuno crear (e manter ata hoxe) os “Punto Informa” na FV Eduardo Chao de Vigo e no ano 2002 na Asociación de Mulleres Dorna, a través de sendos convenios de colaboración.

Estos servizos foron creados co obxecto de achegar ás mulleres a información de servizos e recursos e de facilitar a detección e a denuncia da violencia.

Ademáis desta estrutura de servicios específicos, dende o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ó movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. Recentemente, no mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra os malos tratos. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras nos casos de violencia de xénero e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial .

Os fins da Rede de mediadoras como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos*
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas ós órganos da administración.*

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería da Muller en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

Para plasmar esta colaboración formúlanse as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á “Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo” segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2006, segundo o programa que se incorpora ó convenio como anexo I .

SEGUNDA.- DESTINATARIAS

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Rede.

Estas actuacións perseguen combater a violencia hacia as mulleres dun xeito integral e global, tal e como contempla o II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as mulleres (2004-2 007), incidindo nas áreas de apoio e seguemento a vítima para acadar a pronta recuperación.

Para conquistar dito fin, a Rede dota as mulleres de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir as mulleres que sofren violencia de xénero. Especialmente ó colectivo de mulleres da Casa de Acollida, durante a súa estancia na mesma, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas

no anexo I, có colectivo de referencia (mulleres da casa de acollida), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc. Un dos obxectivos perseguidos cos mecanismos de reforzamento e apoio que oferta a “ Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida. Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Casa de Acollida e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

TERCEIRA.– OBRIGAS DA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS

- 1.- Non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (artigo 13.7 LXS)
- 2.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.
- 3.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
- 4.- Responsabilizarse de que todas as actividades desenvolvidas contén cos seguros sociais, de responsabilidade civil, etc, cara a súa correcta execución.
A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
- 5.- Difundir a colaboración da Concellería da Muller nos termos descritos no presente convenio e insertar en lugar visible os logos da Concellería da Muller e do Concello de Vigo no material escrito e audiovisual que se edite.
- 6.- A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención como é a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade...
- 7.- As obrigas da “Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo”, como beneficiaria da subvención, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA

O custo total da realización das actividades que se levarán a cabo durante o ano 2005, segundo o orzamento presentado pola Asociación e que figura como anexo II deste convenio, ascende a un importe total de 13.300.- euros, dos que o Concello de Vigo financiará un importe total de dez mil euros (10.000.- euros). A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras.

Estes gastos deberán ser xustificados semestralmente ante a Oficina da Muller do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados. O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

QUINTA.- XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- a) A primeira por importe de 3.500.- euros coa firma do presente convenio,
- b) A segunda por importe de 3.000.- euros no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto.
- c) A terceira por importe de 3.500.- euros no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto.

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

SEXTA.-XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A súa presentación se realizará, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións)

SÉTIMA. – COMISIÓN DE SEGUEMENTO

Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira

Delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller- estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A responsable da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.
- Unha técnica do Departamento da Muller.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

OITAVA. – VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio abrangue o ano 2006. Neste período deberán estar rematados tódos os trámites a él referidos.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes, previa a súa aprobación.

NOVENA. – PUBLICIDADE

Toda a publicidade das actividades desta Asociación que teñan relación co obxecto deste convenio deberán realizarse por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo, da Concellería da Muller en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice.

A Rede de Mulleres Veciñais en todo acto de difusión nos medios de comunicación deberá informar da colaboración da Concellería da Muller nos termos establecidos no presente convenio.

O Concello de Vigo incluírá este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas de publicidade.

DÉCIMA.- AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos axustarase ás medicións de ítems e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental das actividades da Rede e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

DÉCIMO PRIMEIRA. – CONFIDENCIALIDADE

A Rede de Mulleres Veciñais garantizará o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtan en anónimos os datos recollidos , fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen como mediadoras .

DÉCIMO SEGUNDA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMO TERCEIRA. - INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.

DÉCIMO CUARTA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONES

A Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe da axuda concedida.

DÉCIMO QUINTA.- CLÁUSULA FINAL

Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e rexime de reintegro de subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e laboas que puideran presentarse.

14(344).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO “GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER ALECRÍN” PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO AO “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BLIBLIOTECA ALECRÍN”. EXPTE. 2318/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e 1.03.06, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 27.03.06, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “Convenio de colaboración entre o Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín”.

2º.- Autorizar á Concellera da Muller para que o asine en representación do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 24.000,00 euros (vinte e catro mil euros) con cargo á partida presupostaria de nova creación “Convenio co Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín” 463.2.489.00.03 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente a favor de Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín, con CIF G.36.633.154, en concepto de execución do convenio.

4º.- o texto que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil seis,

REÚNESE:

Dunha parte, Dª Lucía Molares Pérez, Concellera de Promoción Económica e Desenvolvemento Local - Muller do Concello de Vigo, en nome e representación deste.

Doutra Dª Ana Míguez Vigo, co DNI núm. 35.988.073, en representación do Grupo de Estudios sobre a Condición da Muller Alecrín.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA GARANTIR O LIBRE ACCESO DO PÚBLICO Ó “CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOTECA ALECRÍN” ENTRE A CONCELLERÍA DA MULLER DO CONCELLO DE VIGO E O GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓ DA MULLER ALECRÍN.

de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten como finalidade garantir o libre acceso do público en xeral ó “Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín” (CDBA)

O CDBA conta cun material inventariable que se achega ó programa, e que se detalla no Anexo I, con especificación do adquirido con subvención municipal.

O CDBA ocupa un local sito na rúa de García Barbón número 30-5º ofic.8

O CDBA deberá realizar, entre outras actividades indicadas na programación do Anexo IV, as seguintes:

1. Difusión selectiva da información ó conxunto das asociacións de mulleres de Vigo e ós centros de ensino públicos.
2. Artellar o servizo de teledocumentación
3. Realizar o labor de seguimento do BOE, BOP, e DOG dos temas de interese relacionados coa muller e de interese específico desta Concellería.
A información difundiráselles ós organismos mencionados nun prazo non superior a unha semana que contará desde a publicación da convocatoria.
4. Mantemento e actualización da paxina Web do CDBA na que se deberán publicitar os seus servizos e xeito de acceso.

SEGUNDA.- VIXENCIA

Terá vixencia dende o día da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o 31 de decembro de 2006

TERCEIRA.- OBRIGAS DO GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER ALECRÍN

1.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrin declara non estar incurso nas prohibicións para ser beneficiario da subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei de Subvencións (artículo 13.7 LXS)

2.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín comprométese a facilitar a memoria avaliativa final e o seguimento económico dos servizos trimestralmente, xunto coas facturas orixinais dos gastos.

3.- No equipo que atenda o Centro de Documentación e Biblioteca Alecrín debe haber, polo menos, unha bibliotecaria titulada.

4.- O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín deberá planificar o gasto de xeito que priorice o pagamento regular do persoal asalariado.

5.- Calquera cambio no equipo, infraestrutura e persoal do CDBA debe ser comunicado con antelación previa á Concellería da Muller.

6.- A propiedade, titularidade, xestión e dirección do CDBA correspóndelle o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín, que se responsabiliza da plena adecuación das súas instalacións á normativa vixente sobre locais de uso cultural e público.

7.- O servizo ó público será gratuíto e o servizo de préstamo á casa regularase de acordo coas normas que se unen no Anexo II. Respectarase a legalidade vixente que marca as posibilidades de facer reproducións parciais ou totais de libros. Participarase en todo tipo de actividades de colaboración inter-bibliotecaria. Manterase a paxina Web do CDBA na que se publiciten os seus servizos e xeito de acceso.

8.- A *língua galega* empregárase con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste Servizo, segundo o previsto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

9.- A beneficiaria só está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, salarios, etc. como son: publicidade, formación, mantemento da páxina Web, etc.

10.- As obrigas do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín”, como beneficiaria da subvención, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO / PAGAMENTO

O Concello de Vigo comprométese ó pagamento de 24.000,00 Euros (vinte e catro mil euros) para o funcionamento do CDBA durante o ano 2006.

A certificación do gasto pola Concellería da Muller farase a mes vencido e condicionada ó cumprimento da totalidade do convenio.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio de subvención deberá documentarse en forma de conta xustificativa, á que deberá achegar os xustificantes de gasto ou calquera outro documento de validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A súa presentación se realizará, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada (artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións)

SEXTA.- HORARIO

O horario do CDBA será de 10,00 a 13,30 e de 16,00 a 20,00 horas , de luns a venres na duración do convenio, agás o horario especial de verán que será de 10,00 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas, establecido no Anexo III.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN/PUBLICIDADE

Toda a difusión que realice o CDBA ó exterior por calquera medio así como a propaganda , incluída a paxina Web, deberá levar os logotipos do Concello de Vigo e da Concellería da Muller coa lenda “CONCELLERÍA DA MULLER” en lugar preferente. De calquera xeito, toda a publicidade deberá contar co visto e prace previo da Concellería da Muller.

Na prestación das actividades suxeitas ó presente convenio o CDBA deberá informar necesariamente ós/as beneficiarios/as sobre o presente convenio e os obxectivos do mesmo.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Créase unha Comisión de Seguimento, do presente convenio integrada por dúas representantes do Grupo de Estudos da Condición da Muller-Alecrín e por Dna. Lucía Molares Pérez, concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller quen a presidirá e Dna. Cristina Gómez García, técnica do Departamento da Muller, representantes do Concello de Vigo.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos, proporalle as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, e reunirse cando así o estimen oportuno.

NOVENA.- INCUMPRIMENTO DESTE CONVENIO

O incumprimento deste convenio por parte do Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín suporía a súa revogación total ou parcial, e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS

O Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller Alecrín declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe, se procede, da axuda concedida.

DÉCIMO SEGUNDA.- CLÁUSULA FINAL

Serán, finalmente, de aplicación ao presente convenio as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS), causas e rexime de reintegro de subvencións (artigo 37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e laboas que puideran presentarse.

En proba de conformidade e aceptación das cláusulas, asinan as comparecentes perante do Secretario Xeral do Concello de Vigo, que da fe, o día sinalado ó principio”.

15(345).-RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO DE MULLERES MALTRATADAS-ANO 2006. EXPTE. 2348/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.04.06, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 24.02.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Ratificar o Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a utilización de servizos da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas e Piso Tutelado para mulleres maltratadas da provincia de Pontevedra no ano 2006, que di:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DA CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO PARA MULLERES MALTRATADAS ANO 2006

No Concello de Vigo reúnese o día _____, pola Excm. Deputación, D. Rafael Louzán Abal, en calidade de Presidente, e D^a Corina Porro Martínez en calidade de Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, con código de identificación fiscal P 3605700 H.

As dúas partes recoñécense con capacidade legal e representación suficiente para subscribi-lo convenio de colaboración de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

As institucións asinantes do presente convenio ante a grave problemática que sofren as mulleres maltratadas consideran de suma importancia a utilización de recursos que contribúan a facer fronte a ditas situacións, polo que, asumindo as competencias previstas nos artigos 21 e 36 da Lei 7/ 85 de Bases de Réxime Local, nos artigos 15, 21 e 22 da Lei 4/93 de Servicios Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia e consonte co disposto na Orde do 1 de abril de 1997 da Consellería de Familia, Muller e Xuventude pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e co “Regulamento interno da Casa de Acollida e do Piso Tutelado” e no “Prego de prescripcions técnicas” que rexen a prestación do servizo da mesma, acordan establecer o presente CONVENIO, coas seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Dereito supletorio

O presente Convenio estará suxeito ós principios Xerais da ley 38/ 2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións e demais dereito supletorio que sexa aplicable.

SEGUNDA.- Obxecto

A Deputación de Pontevedra mediante a firma do presente Convenio, establece apoio económico para o mantemento do servizo especializado da Casa de Acollida, e o Piso Tutelado, para a atención das mulleres maltratadas, a dos seus fillos e persoas dependentes, en situación de emerxencia, que reúnan os requisitos esixidos, para o ingreso nestes centros. Asemade, establecerase a reserva de 10 prazas para as usuarias dos distintos Concellos da Provincia.

TERCEIRA.- Ámbito de actuación

O ámbito de actuación do presente convenio comprende a totalidade da provincia de Pontevedra.

CUARTA.- Ingresos na Casa de Acollida ou Piso Tutelado, estadias e baixas.

Poderán ingresar na Casa de Acollida de Vigo, as mulleres maltratadas física e psicolóxicamente, maiores de idade, con ou sen fillos que sexan capaces de valerse por se mesmas e que presenten a correspondente denuncia contra o seu agresor, tal como ven recollida na normativa da Consellería de Familia Muller e Xuventude, e no regulamento de funcionamento da Casa de Acollida, publicado no BOP do día 27 de Setembro de 1999..

Non poderán ingresar:

- _ As mulleres con problemáticas de carácter psiquiátrico grave,
- _ As mulleres que presenten algún tipo de adicción: alcohol, drogas,...
- _ As mulleres que padezcan enfermidade infecto-contaxiosa.

Para o ingreso na Casa de Acollida esixírase a cada usuaria a sinatura do compromiso e aceptación do Regulamento interno desta. A permanencia no centro dispórase inicialmente por tres meses podendo prorrogarse a mesma dacordo á lexislación vixente.

Para ingresar no Piso Tutelado darase prioridade ás usuarias da Casa de Acollida xa que supón a última fase de atención ás mulleres maltratadas antes da súa inserción socio e/ou laboral, sendo o procedemento administrativo o mesmo que o da Casa de Acollida.

Tanto o Concello solicitante como o de Vigo e a Deputación comprometeranse a velar pola confidencialidade das informacións que afecten á vida das mulleres e prole.

Para os ingresos, estableceuse dous tipos de procedementos:

a) procedemento ordinario:

O ingreso ordinario na Casa de Acollida solicitarase á Deputación mediante escrito do alcalde ou alcaldesa solicitante acompañado do informe da traballadora social do concello solicitante. A Deputación, oído o Concello de Vigo, disporá o ingreso con cargo ó convenio, comunicándollo ó Concello solicitante e ó de Vigo. Este notificará á Deputación a data do ingreso.

b) procedemento de urxencia:

No caso de ingreso de urxencia poderá procederse mediante solicitude razoada, verbal ou escrita, dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello solicitante ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) de Vigo e fora do seu horario de atención, á dirección da casa de acollida. Aquel dará conta inmediatamente deste feito á Deputación seguíndose a partir deste momento o procedemento recollido no apartado anterior.

No suposto, de que por causas excepcionales, fose denegada algunha solicitude de ingreso na Casa de Acollida, o Concello deberá informar por escrito a Deputación, das causas que motivaron a denegación.

O Concello de Vigo arbitrará un teléfono de urxencia que atenderá a demanda da Casa de Acollida fora do horario do CMIDM.

Calquera ingreso será provisional durante quince días, en tanto o equipo técnico e a dirección do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, estudian a conveniencia do mesmo e, si é o caso condicións de estabilidade. En calquera caso, durante a permanencia das persoas acollidas no centro, e ata o momento no que se produzan as súas baixas no mesmo, a intervención farase coordinadamente entre os equipos técnicos da Casa de Acollida e o concello demandante da axuda. O Concello de Vigo comunicará a baixa a Deputación .

QUINTA.- Vixencia.

O presente Convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2006 rematando o 31 de Decembro do mesmo ano, prorrogándose por un máximo de dous anos de non se producir a súa denuncia polas partes interesadas, como mínimo cun mes de antelación.

SEXTA. Finanzamento

A aportación económica por parte da Deputación para a Casa de Acollida e Piso Tutelado será ata 103.423,74 € o ano que se consignarán na partida 06/313-313-480.02 Dita aportación estará baseada nos seguintes criterios:

1º.- Para axuda de mantemento de gastos da Casa de Acollida Municipal, a Deputación aportará a cantidade de 58.222,34 euros o ano.

2ª.- Polo servizo da Casa de Acollida e Piso Tutelado a disposición dos concellos da provincia, unha reserva de 10 prazas (estean ou non ocupadas), fixando a cantidade de 12,38 euros praza /365 días, que ascende a un total de 45.187 euros.

As cantidades correspondentes, tanto polo concepto de subvención para gastos de mantemento como o custo das prazas reservadas , experimentarán nas anualidades sucesivas o incremento determinado no índice de prezos o consumo.

A contribución ós gastos do centro será compatible con outras axudas públicas ou privadas, se o importe das mesmas non excede os custos anuais da actividade.

SÉPTIMA.-Compromiso do Concello de Vigo.

A aportación económica da Deputación ó Concello de Vigo garantirá o funcionamento permanente do servizo e atención a todos os concellos da provincia.

O Concello de Vigo proporcionará os Concellos da provincia un teléfono de urxencia que funcione as 24 horas do día, atendido por persoal especializado, asegurando unha información precisa sobre o recurso da Casa de Acollida, fora do horario do CMIDM e atención as demandas.

As mulleres que ingresen na Casa de Acollida, procedentes dos concellos da provincia beneficiaranse dos servizos e recursos que o Concello de Vigo pon a disposición das mulleres vítimas de violencia de xénero, có obxecto de proporcionarlles unha atención integral, entre outras: servizo de atención domiciliaria a infancia, un diñeiro de peto as mulleres que se atopan nunha situación económica precaria durante a súa estancia na casa, bolsas de axuda económica á saída da muller da Casa de Acollida, favorecer a inserción das mulleres no mercado laboral, etc.

Asemade o Concello de Vigo comprometerase a remitir a Deputación, unha memoria anual sobre o servizo da Casa de Acollida.

Por último o Concello de Vigo, comprometése a acreditar no expediente o cumprimento dos requisitos esixidos no Artigo 14 da Lei 38/03 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións.

OITAVA.- Pagamento.

O pago destas cantidades polos conceptos expresados faranse efectivos con cargo a partida presupuestaria 06/313-313-480.02 do orzamento vixente, logo da petición presentada polo Concello, en dous prazos:

No primer trimestre do ano, farase efectiva a aportación correspondente a axuda para gastos de mantemento da Casa de Acollida, e ó primeiro prazo correspondente a seis meses das prazas reservadas pola Deputación.

Para facer efectivo o pago, o Concello xunto ca petición, deberá remitir informe sobre a evolución do servizo de reserva de prazas e do orzamento previsto da Casa de Acollida, para o exercicio en curso.

O segundo pago do custo das prazas reservadas, poderase solicitar unha vez transcorrido o primeiro semestre do ano, remitindo igualmente a Deputación un informe sobre a evolución das prazas reservadas

NOVENA.- Participación de Concellos

Os Concellos interesados en que poidan ingresar mulleres na Casa de Acollida deberán adherirse a este Convenio dirixindo un escrito ó Presidente da Deputación no que tamén fagan constar o seu apoio económico a aqueles familias que carezan de recursos, e así o fagan constar en informe social as/os Traballadores Sociais dos concellos, a fin de cubrir tanto os seus gastos de desprazamento ó Centro como os derivados da adquisición de artigos de primeira necesidade.

DÉCIMA.- Comisión de Seguemento

Acórdase a creación dunha Comisión de Seguemento consistindo as súas funcións na análise e control da demanda, seguimento técnico das actuacións e adopción de pequenas medidas que poidan repercutir no desenvolvemento cotiá do centro. Dita Comisión estará integrada por:

Pola Deputación : Presidenta da Comisión Informativa da Muller, un funcionario técnico do Servicio de Acción Social e por unha traballadora social.

Polo Concello de Vigo: Concelleira da Muller, a Técnica da Oficina da Muller, e a Traballadora Social do servicio de orientación da muller.

A devandita Comisión de Seguemento designará o seu presidente, e as reunións de dita Comisión manteranse como mínimo semestralmente ou coa periodicidade que fixen os seus membros, sendo o concello o responsable da convocatoria.

UNDÉCIMA.- Publicidade.

A Deputación encargarse de difundir entre os concellos da provincia os termos deste Convenio e principalmente entre as Traballadoras Sociais de Atención Primaria, como profesionais que canalizan e tramitan a demanda de ingreso.

O Concello de Vigo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación Provincial, Área de Servicios Sociais, en toda a publicidade que elabora da Casa de Acollida.

Estando as partes conformes co senso deste documento, asínanno no Pazo da Excma. Deputación na data do encabezado da que como secretario dou fe.

16(346).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE FREMAP POLA ADXUDICACIÓN DO CONCURSO “MUTUA DE ACCIDENTE DE TRABAJO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1191/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.03.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 30.03.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a FREMAP, Mutua Patronal AT e SS a fianza de 6.010.-€ constituída para responder do contrato de “Mutua de accidentes de traballo e enfermidades, profesionais dos traballadores municipais”, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

17(347).-RECLAMACIÓN DE D. CÁNDIDO VENTÍN AMOEDO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 142/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Cándido Ventín Amoedo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de abril de 2004, no que expón que o día 20 de outubro de 2003, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-4253-BF, pola avenida de Castrelos, para incorporarse á avenida Arquitecto Palacios, provocou danos materiais no mesmo ó golpear contra unha mediana, ó esvarar o vehículo por mor da presenza dunha mancha de aceite.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 22/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 13/01/2005, no que indican non teren constancia de ningunha intervención na avenida de Arquitecto Palacios.*
- Informe do Parque Móbil, de 02/01/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 1477 de Talleres Loriga, presentada polo reclamante, por un importe de 449,18 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 27/01/2005, no que manifestan que na avenida Arquitecto Palacios este servizo non realiza limpeza de forma periódica, soamente por requirimento da Policía Local, en casos de accidente ou de prevención dos mesmos.*
- Práctica de proba testifical, con data 11/03/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Ventín.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 06/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, das declaracións da testemuña presencial dos feitos dedúcese que o accidente debeuse a existencia dunha mancha de gasoil na calzada. Dado que o Servizo de Limpeza do Concello manifesta non realizar a limpeza da vía onde ocorreu o accidente de forma periódica, os danos poden vincularse ó funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Cándido Ventín Amoedo, indemnizándolle na contía de 449,18 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(348).-RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN SOTO COBIÁN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 115/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Soto Cobián presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de marzo de 2004, no que expón que o día 15 de marzo de 2004, mentres camiñaba pola rúa Florida, á altura do número 127, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 15/03/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Soto relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán, xunto á beirarrúa, a existencia dunha especie de canal sen cubrir, ofrecendo perigo para os viandantes.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/11/2004, manifestando que a beirarrúa presenta varios desniveles que poden ocasionar caídas; igualmente, que segundo o que se desprende do parte da Policía Local, o lugar exacto da caída é un desnivel entre a beirarrúa e a calzada, a modo de cunetilla co firme de formigón.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 172,70 euros.
- Comparecencia persoal da Sra. Soto, en data 10/02/2005, que presenta un pantalón con desperfectos nun dos xeonllos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 17/02/2005, que non formula alegacións.
- Resolución da Xunta de Goberno Local, con data 27/06/2005, notificada á reclamante o 26/07/2005, na que se desestima a reclamación por falta de proba da relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público local.
- Mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de agosto de 2005, a Sra. Cobián interpón recurso de reposición contra a anterior resolución, estimado por acordo da Xunta de Goberno local de data 12/09/2005, no que se acorda retrotraer as actuacións ó momento anterior á proposta de resolución do expediente, continuando a tramitación do mesmo e procedendo á práctica da proba testifical proposta.
- Práctica de proba testifical, con data 11/11/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 02/01/2006.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril,

Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, reclamando o Parte do servizo do accidente e citou as presuntas testemuñas presenciais dos feitos. No entanto, a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade a caída e non presenciou a mesma, limitase a recoller as manifestacións da Sra. Soto, polo que pode dar fe de que esta presentaba determinados danos pero non do lugar da presunta caída nin da causa da mesma. Tampouco as testemuñas citadas presenciaron a caída, pois a testemuña nº 1 no momento da mesma atopábase despachando no interior da farmacia na que traballa e so pode atestiguar que a Sra. Soto entrou con dúas señoras no establecemento e que socorriuna, e a testemuña nº 2 é a filla da reclamante, que se atopaba traballando fóra da cidade.

Ademais de non existir proba da presunta caída, non hai constancia no expediente dos supostos danos materiais sufridos pola Sra. Soto con ocasión da mesma, xa que aínda que esta achega un pantalón con desperfectos no xeonllo e un presuposto de compra de outro, de data posterior á caída, así como unha factura dunha xoiería (de reparación dun reloxo e dun solitario e de fabricación dunha alianza), a testemuña nº 1, dado que neses días caeron dúas señoras na zona da farmacia, non recorda cal das dúas danou determinados obxectos persoais, e a Sra. Soto non manifestou ós axentes da Policía Local a existencia destes presuntos danos.

Á vista destes datos, a informante conclúe que a Sra. Soto non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración, e se ben non existe dúbida da súa caída na rúa Florida, nas inmediacións da Farmacia, e de que por mor da mesma sufriu determinados danos persoais, non existe constancia do punto exacto da mesma, nin de que esta fose consecuencia do desnivel existente na beirarrúa e non dunha perda momentánea do equilibrio debido a calquera outra causa.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Carmen Soto Cobián por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia de relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público municipal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(349).-RECLAMACIÓN DE D. MANUEL SOTO VARELA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16430/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Soto Varela presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de maio de 2003, no que expón que o día 26 de decembro de 2002, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-4441-BT, pola avenida Citroen, na súa confluencia coa rotonda Bouzas, tivo un accidente unha colisión a causa das deficiencias da calzada, provocando danos de carácter material ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 26/12/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atopan dous vehículos (un deles o do Sr. Soto) con danos nas rodas, ó subiren na beirarrúa que nesa zona fai chaflán, estando a visibilidade no lugar no momento do accidente reducida, por ser de noite e chover intensamente.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 20/10/2003, no que manifestan que na data inspección (16/10/2003) a zona atopábase en correcto estado; así mesmo que a devandita avenida é propiedade do Consorcio Zona Franca.*
- Informe do Consorcio Zona Franca, con data 10/11/2003, no que manifestan que parte da avenida fora expropiada polo Ministerio de Fomento para a construción dun tramo do primeiro cinturón de circunvalación de Vigo.*
- Informe do Inventario Municipal, con data 09/03/2004, no que manifestan que a vía non consta como de titularidade municipal.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/04/2004, no que manifestan que o mantemento do vial sinalado foi asumido polo Concello de Vigo; igualmente que o accidente podería terse evitado de gardarse a dilixencia debida.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 27/09/2004, manifestando que os prezos contidos na factura nº 0004/2003 de Neumáticos Redondela, presentada polo reclamante, por un valor de 360,61 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 19/11/2004.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa producto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto o accidente prodúcese, segundo consta no parte do servizo da Policía Local, ó subiren o vehículo á beirarrúa, que nesa zona fai chaflán, estando a visibilidade no lugar no momento do accidente reducida, por ser de noite e chover intensamente. No entanto, no caso de conducir de noite ou de que existan condicións meteorolóxicas que diminúan sensibelmente a visibilidade, como neste caso que caía chuvia intensa, os artigos 42 e 43 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial (Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo) impoñen a obriga de utilizar a iluminación regulamentaria, e de non facelo se incurriría en infracción grave tipificada polo artigo 65 da mesma lei. Así mesmo, por imperativo do artigo 46 do Regulamento Xeral de Circulación (Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro), nestes casos é preciso circular a velocidade moderada e, se fose preciso, se deterá o vehículo, incorrendo en caso contrario en infracción grave o moi grave segundo os artigos 65.4.c e 65.5.e da lei sobre tráfico. O artigo 14 da mesma lei impón a obriga os condutores de automóveis, salvo que sexan coches de minusválidos, de circular pola calzada e non pola beiravía, salvo por razóns de emerxencia, detallándose no artigo 15 os supostos en que é posíbel circular pola beiravía, ningún dos cales concorre no presente suposto, que ademais o vehículo non circulaba pola beiravía senón que subiu á beirarrúa. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da vítima, que circulaba infrinxindo a lei de tráfico, interferiu no nexo causal, impedindo imputar o dano padecido a esta Administración, non existindo, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Soto Varela por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(350).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN NOME E REPRESENTACIÓN DA UTE AQUALIA FCC CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DE 20.06.05

ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 80/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa aplicable:

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP).*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*
- *Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa (LEF).*
- *Código Civil.*

Antecedentes:

Don Andrés F. Mariño Vilar, en nome e representación da U.T.E. Aqualia FCC, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de xullo de 2005, interpón recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño do mesmo ano, que lle foi notificada o 12 de xullo, e na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dna. Herminia Blanco Choren, polos danos e perdas derivados dunha caída por mor da falta de lousetas a carón dunha arqueta pertencente ó servizo de abastecemento e saneamento de augas e declárase que a responsabilidade dos danos correspóndelle á U.T.E. Aqualia FCC, empresa concesionaria do devandito servizo público.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O Sr. Mariño alega que a resolución recorrida vulnera o artigo 139 da LRXAP, por canto contén un pronunciamento alleo ó obxecto do procedemento xa que se trata dun expediente de responsabilidade patrimonial dirixido fronte á Administración e no mesmo declárase a responsabilidade da concesionaria, polo que considera que se incorre nunha incongruencia proscriba polo artigo 89.2. da mesma lei. Alega, así mesmo, que a teor do disposto no artigo 97 da LCAP, que xunto co citado artigo 139 da LRXAP estima que derrogan de maneira implícita o artigo 121 da LEF, é potestade do prexudicado, con carácter previo á interposición da acción de responsabilidade, o solicitar o pronunciamento do órgano de contratación sobre a cal das partes contratantes – neste caso, Concello ou concesionaria do servizo de saneamento - correspóndelle a posíbel responsabilidade. Aínda que considera que tal opción non se utilizou pola reclamante, de ahí que segundo o recorrente non caiba o pronunciamento adoptado, e a resolución deba atermos ós termos da reclamación realizada: a existencia ou non de responsabilidade desta Administración no sinistro que motiva o expediente. No entanto, á vista do artigo 2.2 do Código Civil que establece que “as leis só se derrogan por outras posteriores. A derogación terá o alcance que expresamente se dispoña e se estenderá sempre a todo aquilo que na lei nova, sobre a mesma materia, sexa incompatíbel coa anterior”, non cabe a derogación implícita, senón que esta debe ser expresa e, polo tanto, son plenamente aplicábeis ó caso os artigos 121 e 123 da LEF. Por outra banda, é doutrina xurisprudencial consolidada que é obriga da Administración, ante a reclamación de danos do prexudicado, no caso de que exista un concesionario ou contratista interposto, actuar na forma ordenada tanto pola LEF, como pola lexislación sobre contratación das Administracións públicas, e en caso contrario, condénase á Administración a asumir a responsabilidade, se ben, a tenor da Sentenza do Tribunal Supremo (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª), de 7 abril 2001 (Recurso de Apelación núm. 3509/1992) “sin perjuicio de su desplazamiento sobre el responsable, puesto que los preceptos citados han pretendido, sin duda, en estos casos permitir al particular una paridad de trato en relación con otros casos en que la

Administración es directamente imputable, pero sin perjuicio de que la responsabilidad recaiga sobre el patrimonio de quien realmente corresponde porque es quien tiene obligación de soportarla, doctrina jurisprudencial que late también en las Sentencias de esta Sala de 9 de mayo de 1989, 9 de mayo de 1995 (recurso contencioso-administrativo núm. 527/1993), 12 de febrero de 2000 (recurso de apelación 3342/1992) y 8 de julio de 2000 (recurso de casación 2731/1996)”.

Segundo.- O recorrente alega que non consta acreditada no expediente a necesaria relación de causalidade entre o evento danoso padecido e o anormal funcionamento do servizo público que xestiona a empresa que representa, dado que non se detectou ningunha anomalía na infraestrutura que afecta á concesión no lugar e data que se expresan pola reclamante, sendo así que a Sra. Blanco cita como única causa do accidente a existencia de lousetas soltas na beirarrúa, dato corroborado pola testemuña presencial dos feitos. No entanto, como manifesta o Servizo de Vías e Obras, en informe de data 1 de xuño de 2004, a reparación da beirarrúa foi efectuada por Aqualia, atopándose en perfecto estado de conservación no momento da inspección.

Terceiro.- Por último, o Sr. Mariño alega que a resolución, sen motivación de ningún tipo, asume o importe da indemnización proposta pola asesoría médica do Concello, a pesar de que non se xustifica de maneira adecuada. Concluída a tramitación do expediente, concedéuselle trámite de audiencia á empresa recorrente, de conformidade co disposto no artigo 84 LRXAP, para que, á vista do mesmo, formulase as alegacións que tivese por conveniente na defensa dos seus dereitos, momento procesual oportuno para pór de manifesto tanto a súa disconformidade coa valoración médica das lesións da Sra. Blanco, como a inexistencia de relación de causalidade entre os danos ós que se refire o expediente e a infraestrutura do servizo de abastecemento e saneamento de augas, non realizando manifestación ningunha, polo que hai que entender que implicitamente aceptou a mesma.

Cuarto.- Consonte o artigo 116 da Lei 30/1992 “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o Recurso de Reposición interposto por don Andrés F. Mariño Vilar, en nome e representación da U.T.E. Aqualia FCC, en data 29 de xullo de 2005, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2005, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(351).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN NOME E REPRESENTACIÓN DA UTE AQUALIA FCC CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DE 20.06.05 ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 86/243. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes de feito:

Don José Vicente Gil Tránchez, en nome e representación da U.T.E. Aqualia FCC, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de xullo de 2005, interpón recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño do mesmo ano, que lle foi notificada o 12 de xullo, e na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Víctor Manuel Rodríguez González, polos danos e perdas derivados dunha caída ó ceder unha arqueta pertencente ó servizo de abastecemento e saneamento de augas, e declárase que a responsabilidade dos danos correspóndelle á U.T.E. Aqualia FCC, empresa concesionaria do devandito servizo público.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O sr. Gil Tránchez alega que a resolución recorrida límitase a declarar a responsabilidade da súa poderdante como concesionaria do servizo de augas e a fixar a indemnización sen outra motivación, polo que considera que a resolución caúsalle indefensión ó descoñecer os motivos que levaron a esta Administración a imputarlle a responsabilidade así como para cuantificar a indemnización. Revisado o expediente, compróbase que efectivamente produciuse un erro material á hora de transcribir a resolución e a correspondente notificación, e só se fai constar o acordo adoptado, e non os fundamentos xurídicos que serviron de base á resolución adoptada, vulnerando así o artigo 58.2 LRJAP que establece que a notificación deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se é ou non definitiva en vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, órgano ante o que houbesen de presentarse e prazo para interpoñelos.

Segundo.- O recorrente alega que non consta acreditada no expediente a necesaria relación de causalidade entre o evento danoso padecido e a actividade de Aqualia. No entanto, o accidente debeuse á existencia dunha arqueta que basculaba ó pisar enriba da mesma e trátase, polo tanto, dun defecto oculto e imprevisíbel para os viandantes, aínda no caso de extrema dilixencia no control da propia deambulación, dato este corroborado pola testemuña presencial dos feitos, non sendo preciso que sexa a Policía Local a que acredite os danos, como parece esixir a concesionaria. Tampouco produciuse indefensión polo feito de non ter citado á concesionaria á práctica de proba testifical, dado que a lexislación vixente non o esixe e, por outra banda, púxoselle de manifesto o expediente, polo que puido coñecerla e manifestar os reparos oportunos en trámite de audiencia.

Terceiro.- Por último, o Sr. Gil Tránchez alega que o Concello debería motivar a cuantificación das lesións sufridas polo reclamante, manifestando que non existe informe do Consello Consultivo de Galicia senón tan só unha valoración efectuada por una correduría de seguros, valoración que ó seu parecer non é correcta. No entanto, unha vez finalizado o expediente púxose de manifesto á empresa recorrente e concedéuselle trámite de audiencia por prazo de 10 días, o que lle foi notificado en 26 de novembro de 2004. Aqualia non formulou alegacións no prazo concedido, momento procesual oportuno para pór de manifesto a súa disconformidade con esta valoración, a cal non procede discutir en sede de recurso. Por outra banda, a solicitude de informe ó Consello Consultivo de Galicia non é preceptiva senón voluntaria para os entes locais no suposto de expedientes de responsabilidade patrimonial, tal e como establece no seu fundamento de dereito primeiro a Sentenza da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, de 9 de febreiro de 2004, ditada no recurso contencioso-administrativo nº 6363/2001, o acordo do Consello Consultivo de Galicia (que establece a competencia do consello para emitir ditame nos expedientes de responsabilidade patrimonial) “non impón obrigas inmediatas a terceiros, entre eles ós entes locais é constitutivo dun simple criterio a seguir do que se informa ás entidades locais galegas” e que “límitase a fixar un criteiro interno respecto á propia competencia do Consello, e carece de calquera virtualidade vinculante para terceiros”.

Cuarto.- Consonte o artigo 116 da Lei 30/1992 “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estimar parcialmente o Recurso de Reposición interposto por don José Vicente Gil Tránchez, en nome e representación da U.T.E. Aqualia FCC, en data 28 de xullo de 2005, en canto a alegación de notificación defectuosa.

2º.- Retrotraer as actuacións ó momento da notificación e volver a practicar a mesma de acordo co disposto nos artigos 57 a 59 da Lei 30/1992.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(352).-EXPEDIENTE INFORMATIVO DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 17690/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, de 7.04.06, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- *Decreto de 17 de junio de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais (RSCL).*
- *Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais, aprobado por acordo do Pleno do Excmo. Concello de Vigo de 14 de marzo de 1994 (RMMM).*
- *Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP).*
- *Decreto 2183/1968, de 16 de agosto, polo que se regula a aplicación do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas nas zonas de dominio público e sobre actividades executabeis directamente por órganos oficiais.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 10 de marzo de 2006, acordou incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de ficalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron o corte da subministración de electricidade por parte da empresa Unión Fenosa e a notificación de Aqualia de proceder ó corte da subministración de auga e saneamento.

Segundo.- O Servizo de Protección da saúde da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Sanidade, en data 31 de maio de 2005 informa que “a situación conflictiva entre os diferentes comerciantes e xestores do Mercado do Progreso está representando para o mesmo un gran deterioro non só polo deficiente mantemento das instalacións senón tamén porque non se reparan as deficiencias nin se realizan melloras” (sic), relacionando a continuación as deficiencias detectadas. En outro informe, de data 29 de agosto de 2005, manifestase que comprobado que os desagües dos postos de pescadería están atorados e que a avaría débese á falla de limpeza periódica das arquetas xerais, levántase acta de inspección e concédese un prazo para subsanar deficiencias, transcorrido o cal compróbase que a avaría continúa, destacando asimesmo, a falla de colaboración dos representantes da Asociación xestora do mercado, responsábel das labores de limpeza. Ante esta situación, o Concello viuse obrigado, tras solicitar informe ó laboratorio municipal, que evacúase en data 19 de setembro, a solicitar á empresa TRAINASA a limpeza das tubarías, que se realiza en data 5 de outubro de 2005, e a aboar o importe da mesma, ante a falla de actuación do concesionario.

Terceiro.- Constan no expediente diversas comunicacións de empresas contratadas para a prestación de servizos no mercado sobre o continuo incumprimento por parte da concesionaria das obrigas de pago contraídas ó subscribir os respectivos contratos. Así:

- A débeda contraída con Limpiezas Cies, S.L., empresa contratada para a realización do servizo de limpeza no mercado ascende a 67.676, 11 €, máis os intereses legais, segundo manifesta a empresa en escrito de data 4 de abril de 2006. Parte de esta cantidade foi reclamada xudicialmente, existindo auto xudicial, de data 28 de novembro de 2005, despachando mandamento de execución fronte á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, pola cantidade de 27.840 € máis outros 8.352 € en concepto de intereses, gastos e costas.
- Coa mercantil Porteros y Controladores Industriales, S.L., encargada de prestar o servizo de vixilancia no aparcadoiro, a débeda, segundo manifesta a empresa en escrito de data 31 de marzo de 2006, é de 60. 540, 23 €, máis os intereses legais.
- Os recibos impagados a Unión Fenosa, correspondentes a subministración de enerxía eléctrica, e que motivaron o corte da mesma, ascenden a un importe de 4. 062, 46 €, débeda da que tivo que facerse cargo esta Administración para que se procedese ó restabelecemento do servizo.
- As facturas impagadas a Aqualia polo servizo de subministro de auga e saneamento suman un importe de 14. 001, 71 €.
- Securitas Seguridad España S.A., en escrito de data 24 de xuño de 2005, comunicou á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo que, ante o continuado incumprimento das

obrigas de pago contraídas con ela por medio do contrato de servizos de seguridade, proceden a dar por resolto o mesmo con efectos desa data, e lle reclaman o pago de 32. 520 € pendentes de aboamento.

O importe destes recibos ascenden a 304.800, 51 €, descoñecendo esta Administración se existen outras debidas pendentes de pago por parte da concesionaria, xa que esta Administración non posúe, polo momento, información de todas as empresas con contratos en vigor, ou resoltos por falla de pago, coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo.

Cuarto.- A Asociación de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de febreiro de 2006, procede a denunciar unha serie de irregularidades no desenvolvemento da súa xestión por parte da empresa concesionaria do mercado, tales como o non dispoñer dun xerente ou persoa que lle represente ante a Administración e con facultades suficientes para a dirección do mercado, tal e como esixe o artigo 3 do Regulamento dos Mercados Municipais.

Quinto.- A Asociación de Comerciantes Zona Centro, en escrito de data 16 de febreiro de 2006, formula protesta pola situación de abandono na que se atopa o Mercado municipal do Progreso: a falla de mantemento das instalacións, a suciedade dos chans, as goteiras dos teitos, a inexistencia órganos directivos ou xestores ós que dirixirilles as queixas, a falla de seguridade e control nas instalacións, incluído o aparcadoiro, o que provoca competencia desleal ós aparcadoiros sitios no entorno da súa área comercial, algún dos cais, como asociado, trasmitiulle queixa polos importantes perxuízos que lle causa esta situación; demandando unha actuación urxente por parte deste Concello, mellorando as instalacións, realizando unha limpeza profunda do edificio, a reparación das avarías, dotándoo de vixilancia e control nas prantas comerciais e no aparcadoiro e esixindo ós seus responsabeis que coloquen ó fronte do mesmo a un representante con capacidade para facer cumprir as normas de funcionamento do mercado e a quen poder formular as súas queixas e suxerencias.

Sexto.- Carlos Dieguez e outros, empresa propietaria do Parquing Progreso, en escrito de data 24 de febreiro de 2006, pon de relieve a delicada situación na que se atopa o seu negocio por mor da mala xestión do aparcadoiro do Mercado do Progreso, que tradicionalmente era utilizado para servizo dos comerciantes e clientes do mesmo e na actualidade, dende que é xestionado pola actual concesionaria, suprimíronse as barreiras que regulaban a entrada de vehículos e agora entra e sae o público libremente, utilizando de forma gratuita, pois carece de máquina expendedora de tickets e de control de saídas e, ademáis, ofértanse prazas de aparcadoiro entre os residentes da zona, o que considera que representa unha competencia desleal ó seu negocio.

Séptimo.- D. Gerardo Lens Fuentes, D. José Manuel Fraga Pérez e D^a. Pilar Alonso Quiñones, en respectivos escritos de 24 de febreiro de 2006, denuncian que a Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, concesionaria da xestión do Mercado do Progreso, ha cometido unha serie de irregularidade no desenvolvemento da súa xestión, que implican unha clara contravención do regulamento de mercados tales como:

- A carencia de xerencia e de vixilancia no mercado, o que permite que o mercado se chee de perosas mendigando e acosando ós clientes, xente fumando, vendedores ambulantes e perros e outros animais que defecan nas instalacións, debendo proceder os titulares dos postos á limpeza, pois a persoa encargada da limpeza só está dúas horas pola mañán, e o horario comercial matutino é de oito horas.*
- A situación de claro abandono das instalacións. No medio do pasillo da pranta baixa hai goteras que tense que recoller en cubos. Esta situación mantense dende fai un ano sen que a concesionaria tome medidas para remedialo.*

Oitavo.- O Departamento de Tesourería, en data 24 de marzo de 2006, informa que a A Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, con NIF G-36.777.498, e debedora coa Facenda Municipal polo Imposto de Recollida de Lixo Industrial correspondente ó Recibo 57004789 do ano 2004 e recibo 56016271 do ano 2005.

Noveno.- Segundo informe do Laboratorio Municipal do Excmo. Concello de Vigo, de data 3 de abril de 2006, “o mercado no reúne as condicións hixiénico-sanitarias esixidas pola lexislación vixente, dado que as deficiencias atopadas son múltiples:

Comenzando pola cuberta que corresponde en parte coa praza pública superior, atópanse todos os desaguadoiros atascados e rodeados, polo tanto, de grandes charcos de auga, supoñendo que o mesmo tempo os puntos correspondentes ós anclaxes das farolas poidan non estar debidamente illadas. Calquera de estas anomalías ocasiona goteiras na planta inferior.

- Na mesma, (postos de pescadería, carnicería,...) atopamos os sumidoiros desprotexidos, sin rexilla que evite o paso de residuos sólidos e eviscerados as conducións; producindo atascos de continuo que a súa vez ocasionan fortes olores de materia orgánica en descomposición, tal como se comprobaron nunha inspección anterior feita polo laboratorio.*
- Observamos unha parcela grande de postos valeiros en lamentable estado de conservación e limpeza, sendo unha das posibles causas da abundancia, tal como nos indican os propietarios dos postos en activo, de cascudas.*
- Na pranta inferior adicada a supermercado, froitería, panadería.... atópase un almacén de froitas con: humidades, caixas apiladas, alimentos a rás do chán, teitos e paredes en mal estado, restos de comida, roupa tirada, unha fregona nun cubo con auga sucia, patacas no chán, ...*

A manguera do extintor de esta pranta non ten presión.

Preto da mesma, atópase un posto baleiro que é utilizado pola titular do posto anexo, (froitería), como almacén de caixas e alimentos apilados en condicións inadecuadas.

- No primeiro soto existe un espazo acotado que se adica a venta de produtos do campo os mercores, venres e sábados. No mesmo existen mostradores e un grifo sen pilón que desagua a través de un buraco dun deles á saída do paso central. Este local atópase en mal estado: teito sucio, luces sen protección e alicatado con moita falta de limpeza.*

Neste mesmo andar, ocupa o resto do espazo un garaxe adicado os clientes. Existe unha sala de contenedores sen luz, polo que non podemos comprobar o seu estado.

Os aseos carecen de ventilación e as paredes están sucias. O de cabaleiros atópase pechado xa que perde auga o inodoro.

Debaixo da rampa de saída atopáanse moitos residuos de restos de obras con gran acumulación de suciedade, así como un espazo que no seu momento foron cuartos de baño e agora está cheo de escombros.

Existen numerosos cables eléctricos colgados que poden ser perigosos, por no estar adecuadamente instalados.

- *Por último no segundo soto observamos ocos no teito, moito cableado eléctrico colgado, unha sala pechada cun candado na que puidemos entrever moitos cables acumulados e en xeral desordeado.*

Existe no fondo do garaxe situadas na parede, unhas rexillas aparentemente de ventilación, non poidendo comproba-lo seu funcionamento.

Décimo.- *O Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, en informe de data 4 de abril de 2006, manifesta que as deficiencias detectadas no inmovible se poden resumir en:*

- *Deficiencias estruturais: o forxado de teito da zona de administración, na planta baixa do mercado, ten problemas de corrosión estando afectados cáseque tódolos seus elementos estruturais (viguetas, vigas e capa de compresión do forxado).*
- *Deficiencias nas instalacións que afectan á seguridade dos usuarios: o estado das instalacións de sinalización, alumeado de emerxencia, protección contra incendios e compartimentación de sectores de incendio na totalidade do edificio non acada as condicións que estipula a NBE-CPI 96 nin as mínimas condicións esixibles para garanti-la seguridade dos usuarios no caso de que se produza un incendio.*
- *Deficiencias nas condicións de salubridade e hixiene: diversos informes dos Servizos de Inspección da Xunta de Galicia poñen de manifesto as precarias condicións que teñen as instalacións. Ademáis das deficiencias detectadas nestes informes en canto a limpeza, desinfección, etc, hai que salientar co pavimento e a instalación de saneamento presentan síntomas visibles de degradación e dun incorrecto funcionamento.*

E a continuación detalla un paquete de medidas a adoptar pola concesionaria.

Undécimo.- *Segundo o informe do servizo de electro-mecánicos, de data 7 de abril de 2006, “vese un claro abandono nas labores de mantemento das instalacións e en especial na de alumeado, que presenta serias deficiencias por fallo en máis da metade das lámparas tanto das zonas de venda ao público coma nos aseos (aprox. 200 puntos de luz fallan).*

Atópase tamén unha caixa estanca de protección de enchufe rota na zona de lavadeiros do primeiro andar.

A planta baixa carece de sistema de ventilación do que si está dotado o primeiro andar. Na opinión do técnico que subscribe, é necesario un sistema de climatización en ámbalas dúas plantas. Como mínimo reformar o actual sistema de ventilación para ampliálo á planta baixa e adecualo á normativa actual recollida no código técnico de edificación aprobado por Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.

O edificio está dotado dun ascensor en uso e de un montacargas inutilizado no momento actual. Vese necesario reparar o montacargas para garantir a calidade do servizo, tanto dos clientes coma dos propios comerciantes.

As instalacións de auga sanitaria, tanto de abastecemento como de saneamento, funcionan correctamente nestas plantas, non obstante apréciase unha pingueira considerable no momento da inspección no pasillo de acceso á planta baixa, dende a rúa Progreso, facéndose imposible determinar a procedencia.

Todas as Bocas de incendio equipadas, atópanse sen presión de auga segundo se desprende da lectura dos manómetros instalados. Non se comproba o funcionamento.

*Non se aprecia instalación de iluminación de emerxencia nesas plantas.
Faltan algunhas das manillas das portas dos aseos nesas plantas.*

No tocante aos sotos primeiro e segundo con uso de garaxe aparcamento cabe reseñar que en opinión do técnico que subscribe é imprescindible adaptalo á normativa vixente xa que carece de sistema de ventilación e extracción de fumes, non ten sistema de iluminación de emerxencia, a iluminación de servizo está moi deteriorada coa maioría dos puntos de luz sen servizo, non se aprecia instalación contra incendios, etc.

No primeiro soto existen varias mangueras conductoras de electricidade sen protección, colgados do teito e accesibles para os usuarios. O soto segundo carece de aseo e o do primeiro soto está en moi mal estado con deficiente iluminación co inodoro e cunha pileta fora de uso. Carece así mesmo de calquera tipo de ventilación, natural ou forzada.

Atópanse varias caixas de conexións eléctricas sen tapa ou descolgadas das súas anclaxes, permitindo libre acceso aos conductores en tensión. Así mesmo apréciase que a caixa xeral de acometida eléctrica ten a pechadura forzada. Atópase unha pingueira no soto segundo procedente dunha rotura nunha tubería de saneamento no soto primeiro.

Por todo o anterior, conclúese que, salvo superior criterio, é necesario acometer unha reforma integral nos dous sotos para garantir os mínimos de seguridade imprescindibles neste tipo de locais, e adaptalos á normativa vixente”.

Duodécimo.- *A Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, en trámite de audiencia evacuado en data 22 de marzo de 2006, manifesta que os ocupantes de determinados postos do mercado, dende a data de inicio da concesión, 20 de agosto de 2004, ata o momento actual, non procederon o aboamento das cuotas correspondentes ó aluguer dos postos que ocupan, tendo sido previamente requeridos de pago mediante envío de Burofax con certificacións de texto, non tendo atendido os requerimentos, polo que solicitou, xa en escritos anteriores que adxunta - de datas 2 de xullo de 2005 e 7 de marzo, 10 de marzo de 2006- , ó amparo do artigo 127 RSCL que impón a Administración a obriga de outorgar a protección adecuada ó concesionario para poder prestar o servizo adecuadamente, a incoación de expedientes de procedemento de deshaucio administrativo. A cantidade adeudada neste concepto ata marzo de 2006 ascende a 231.178,15 €.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I-

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 30 de novembro de 1993, acordou alterar a forma de xestión dos Mercados Municipais do Berbés, Bouzas, Calvario, Progreso, Travesas e Teis, prestándose o servizo no sucesivo mediante concesión administrativa, aprobando o prego de condicións que rexiría a concesión da xestión e explotación.

En virtude do acordo plenario de 31 de marzo de 2003 acordouse adjudicar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo a concesión da xestión do servizo do Mercado do Progreso de Vigo, por un prazo de 25 anos, e un canon de 72,12 euros, de acordo co prego de condicións aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993 e a oferta presentada, formalizándose o contrato en documento administrativo en agosto de 2004.

II-

O artigo 128.1 RS impón a obriga xenérica ó concesionario de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, incluso no caso de que circunstancias sobrevenidas e imprevisibéis ocasionaren una subversión na economía da concesión. No mesmo, senso o artigo 161 LCAP establece como obrigas xerais do contratista: prestar o servizo coa continuidade convenida e coidar do bo orden do servizo, e o Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais especifica na súa cláusula IV.1. , entre outras, as seguintes obrigas do concesionario: aboar todos os tributos e prezos públicos inherentes ó contrato de concesión que legalmente lle corresponda (ap. b), a contratación e pagamento das subministracións por auga, saneamento e electricidade das superficies, locais e instalacións que non sexan de utilización exclusiva dos titulares dos postos individuais (ap. d), realizar pola súa conta as obras de reparación, de conservación e mantemento no inmovible, superficies e espazos de utilización común (ap. i), obriga esta última reiterada no artigo 6.3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais. Asimesmo, terá tamén a obriga de presentar no primeiro trimestre de cada ano a documentación que corresponda que xustifique os seguintes factores de xestión, relativos ó ano inmediatamente anterior (cláusula IV. 2): conta de resultados, na que se especifiquen os ingresos e gastos da concesionaria, altas e baixas dos postos de cada mercado, informe da infraestrutura e do inmovible, no que se xustifiquen as reformas ou melloras realizadas e un informe sobre o estado actual do inmovible. Por outra banda, o Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais establece no seu artigo 3 que nos mercados prestaráanse os servizos de administración, vixilancia e de limpeza con persoal capacitado, por conta exclusiva do concesionario, podendo este contratar ditos servizos con empresas prestadoras dos mesmos (ap. 1) e que en cada mercado o concesionario disporá dun Xerente ou persoa que lle represente ante a Administración municipal e con facultades suficientes para a dirección do mercado respectivo e xestión dos servizos.

Á vista dos datos obrantes no expediente, a concesionaria incumpriu todas estas obrigas mencionadas. No período concesional transcurrido, so consta que tivese un xerente ó fronte do mercado, con facultades suficientes para a xestión do mesmo, durante os primeiros meses. A partires desta data, ningunha persoa exerceu esas labores, segundo diversas denuncias que constan no expediente. Tampuco ten rendido contas a esta Administración anualmente da súa xestión, porque esta non se ten realizado. Nin presentou o plan da infraestrutura do inmovible no que se xustifiquen as melloras realizadas, porque non se realizou ningunha. Nin o informe sobre o estado do inmovible, porque á vista do realizado polo Sr. Arquitecto municipal, este presenta graves deficiencias. Non se realizaron as reparacións necesarias para o bo mantemento das instalacións do mercado, chegando na actualidade a un estado de abandono tal, que representa un serio perigo para a seguridade e salubridade dos usuarios do mercado, tal e como poñen de relieve o Laboratorio Municipal e o Servizo de Protección da Saude da Consellería de Sanidade, sendo preciso acometer con carácter de urxencia obras para remediar esta situación. O servizo contratado para a limpeza non é suficiente para realizar a mesma no mercado con eficacia, sendo constantes as denuncias ó respecto, tanto por parte dos usuarios do mercado, como de persoas alleas ó mesmo, e do Servizo de protección da Saude da Consellería de Sanidade, incluso foi necesaria a intervención municipal en outubro de 2005 para limpiar e desatascar as tubarías, que desprendían un forte cheiro pola falla de limpeza, situación denunciada polo devandito servizo autonómico, e que a concesionaria non foi quen de remediar. Tamén nesta materia se fai preciso a adopción de medidas urxentes, comenzando pola ampliación do horario da empresa contratada, Limpiezas Cies S.L., e continuando polas propostas polo Laboratorio municipal, pois o mercado na actualidade non reúne as condicións hixiénico-sanitarias esixidas pola lexislación vixente, a xuízo deste servizo, manifestado en informe de 3 de abril de 2006. Tampouco se está prestando o servizo de vixilancia dende o 24 de xuño de 2005. Asimesmo, non se procedeu o aboamento do dos tributos correspondentes ó mercado, segundo informa o Departamento de Tesourería, nin tampouco das cuotas correspondentes ás subministracións de auga e saneamento e electricidade, o que motivou o corte da subministración desta última e a ameaza de corte do servizo de auga, razón que conduxo a intervención urxente desta Administración, asumindo temporalmente a xestión do servizo público de mercado.

Ante todos estos incumplimientos de obrigas concesionais impostas por disposicións legais e polo prego que rexe a concesión, podemos concluir que a asociación concesionaria incumpriu a obriga xenérica de prestar o servizo de acordo co convenio e con regularidade, en unha verba, non xestionou, que era a súa obriga fundamental, poñendo en perigo a continuidade do servizo, así como a seguridade e saúde dos usuarios do mesmo.

Ó único argumento esgrimido pola concesionaria para xustificar esta situación é a falla de pago por parte dos titulares dalgúns dos postos do importe correspondente ó aluguer do mesmo. No entanto, a débeda acumulada por este concepto é de inferior cuantía que as débedas da concesionaria coas empresas que ten contratadas para a prestación dos servizos do mercado. Se ademais temos en conta que o mercado carece dun servizo esencial esixido regulamentariamente, como é o de seguridade, que outros servizos, como o de limpeza e o de control do aparcadoiro son insuficientes, polo que sería preciso proceder a súa ampliación, e que falla persoal, tamén esixido regulamentariamente, como é o caso dun xerente, e que tampouco se invirtiu cantidade ningunha no mantemento e reparación das instalacións do mercado, podemos deducir que a xestión desenvolvida é deficitaria e inviábel economicamente.

- III-

No expediente consta unha denuncia, mencionada nos antecedentes, de Carlos Dieguez e outros, empresa propietaria do Parking Progreso, manifestando que o aparcadoiro do Mercado do Progreso, que tradicionalmente era utilizado para servizo dos comerciantes e clientes do mesmo, na actualidade é utilizado como aparcadoiro público. De ser certo, suporía unha modificación unilateral do obxecto do contrato por parte da concesionaria, pois segundo consta no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais “constitúe o obxecto da presente concesión administrativa de servizos a explotación dos mercados municipais minoristas destinados a venda de produtos alimenticios e os seus derivados no termo municipal de Vigo” e nesta Administración non consta que se solicitase autorización para ampliar o obxecto contractual a explotación do servizo de aparcamento. Ademais a explotación comercial do aparcadoiro é unha actividade sometida ó RAMINP en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 2183/1968, que somete ó RAMINP “cuantos establecementos, almacéns, industrias, instalacións e actividades potencialmente produtoras de efectos perniciosos para hixiene e seguridade ambiental que sexan exercidas ou estean ubicadas por particulares ou empresas privadas en zonas ou terreos de dominio público toda instalación, apertura e funcionamento en terreos ou zonas de dominio público de actividades particulares susceptibles de producir incomodidades ou de alterar as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente, ou que impliquen riscos graves para as persoas ou os bens, requerirá a previa licenza, sin perxuízo dos actos de autorización ou concesión de que deban proveerse os titulares de tales actividades en orden a ocupación ou aproveitamento sobre as mencionadas zonas ou parcelas de dominio público e demáis autorizacións estatais en vigor”, e nesta Administración tampouco se ten constancia da solicitude dunha licenza para a apertura e funcionamento dun aparcadoiro nas instalacións do mercado, polo que será preciso requerir á concesionaria para que aporte a documentación oportuna para xustificar estes extremos.

Asimesmo, segundo ó informe do Sr. Arquitecto municipal as instalacións do aparcadoiro non reúnen as condicións de seguridade requeridas para este tipo de establecemento.

- IV-

A corporación está facultada, a teor do artigo 127.1.4 RS, para impoñer ó concesionario as correccións pertinentes por razón das infraccións que cometese, e o Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais tipifica como infraccións moi graves, entre outras (cláusula XIII.2): a paralización ou falta de

prestación da totalidade ou parte dos servizos a prestar polo concesionario, excepto cando obedeza a causas de forza maior (ap. 1), a inobservancia polo concesionario das obrigas que afecten con carácter esencial a aspectos de salubridade hixiénico- sanitaria (ap. 4), a situación de notorio descoído na conservación e mantemento das edificacións, instalacións, espazos e superficies comúns (ap. 6); como infraccións graves (cláusula XIII.2), entre outras: a inobservancia das prescricións sobre a salubridade ou de índole sanitaria que non revistan caracteres de gravidade; e, por último, como infraccións leves (cláusula XIII.2) todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas no presente prego ou das que se establezcan como tales nos regulamentos de prestación do servizo (cláusula XIII.2). Da documentación obrante no expediente parece desprenderse a presunta comisión pola empresa concesionaria das infraccións mencionadas, polo que é oportuno a incoación dun expediente sancionador para comprobar estes extremos.

- V-

Se o concesionario incurrixe en infracción de carácter grave que pusiera en perigo a boa prestación do servizo público, o artigo 133.1 RS faculta á Administración para declarar en secuestro a concesión, co fin de asegurar aquel provisoriamente, impoñendo como requisitos, no parágrafo segundo do mesmo artigo, que o acordo da Corporación sexa notificado ó concesionario, e se este, dentro do prazo fixado, non corrixa a deficiencia, executarase o secuestro. Asimesmo, o artigo 166 LCAP permite a Administración acordar a intervención do servizo se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparábel por outros medios no servizo público, ata que aquela desapareza. Circunstancias estas que concurren no presente suposto.

- VI-

O artigo 19.c do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais tipifica como falta grave “a acumulación de dúas cuotas impagadas”, que podería ser sancionada, consonte o artigo 21, con multa pecuniaria de 30,06 € ata 150, 25 €. Algúns dos titulares dos postos non ten pagado as cuotas de aluguer dende que a Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo asumiu a xestión do mercado, en data 20 de agosto de 2004. Consonte o artigo 132.1 LRJAP as infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescrición, as infracciones graves prescribirán ós dous anos, polo que podemos concluir que estas infraccións todavía non teñen prescrito, procedendo a incoación de tantos expedientes sancionadores como faltas se teñan cometido.

Asimesmo, dado que neste momento é o Concello, en virtude do acordo adoptado na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2006, o encargado da xestión directa do Mercado municipal do Progreso, procedería reclamar o pago das débedas pendentes a prol da concesionaria ós titulares dos postos.

- VIII-

Á vista do exposto, estimase convinte a prórroga da medida cautelar de xestión directa municipal ,adoptada pola Xunta de Goberno Local en data 10 de marzo de 2006, pois no momento actual, e dadas as circunstancias concorrentes, a concesionaria non está en condicións de garantir a xestión do mercado.

- IX-

A competencia para a resolución deste procedemento correspóndelle a Xunta de Goberno Local, conforme ó disposto no artigo 127.1.f LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:....

Conclúe o informe formulando o que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co devandito informe-proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso.

SEGUNDO.- Incoar expediente sancionador á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, pola presunta comisión das seguintes infraccións moi graves: a paralización ou falta de prestación da totalidade ou parte dos servizos a prestar polo concesionario; a inobservancia polo concesionario das obrigas que afecten con carácter esencial a aspectos de salubridade hixiénico- sanitaria e a situación de notorio descoido na conservación e mantemento das edificacións, instalacións, espazos e superficies comúns, tipificadas respectivamente nos apartados 1, 4 e 6 da cláusula XIII.2 do Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais.

TERCEIRO.- Comunicar á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo a obriga de proceder á realización, con carácter de urxencia, das reparacións que se citarán a continuación, propostas nos informes realizados polos distintos servizos municipais, necesarias por motivos de seguridade e salubridade, e concedéndolle, ó efecto, o prazo de tres meses:

1. DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS

O forxado de teito da zona de administración, na planta baixa do mercado, ten problemas de corrosión estando afectados cáseque tódolos seus elementos estruturais (viguetas, vigas e capa de compresión do forxado). A día de hoxe non se procedeu a facer reparación algunha e o seu estado vai deteriorándose co paso do tempo sen que se adopten as medidas para o seu arranxo.

O estado do forxado a rehabilitar obriga a segui-los seguintes pasos na execución da obra:

- 1. Procederase a apea-lo forxado afectado, de 6´10m * 6´30m. Deberanse dispor os elementos de apeo de xeito que se garanta unha correcta transmisión de cargas ó forxado de solo da entreplanta.*
- 2. Valorarase a magnitude dos danos e as zonas de forxado afectadas mediante catas que permetan comproba-lo estado dos armados superiores do forxado. No caso de que tamén se atopen afectados por corrosións deberanse substituir por completo os nervios formigonando dende a planta superior ou, no caso extremo, substituí-lo forxado enteiro. A decisión definitiva deberá tomarse unha vez que se fagan as catas necesarias para valora-lo seu estado con claridade.*

3. *As reparacións faranse en cada un dos elementos e en cada unha das caras de forma consecutiva. Non se farán reparacións simultáneas de dous elementos (viga – pilar) no mesmo momento. Contéplase a reparación das vigas e pilares deste tramo de forxado (tanto a viga lateral de medianeira coma a viga estrutural do forxado, así como os pilares afectados).*
4. *Deberá sanearse e limpa-lo formigón desprendido dos elementos estruturais así coma as armaduras de aceiro corrugado que sufran procesos de oxidación.*
5. *Aplicar LANKO 760 (ou produto de semellantes características) como capa de adherencia sobre o formigón existente e como pasivante das armaduras de aceiro corrugado.*
6. *Nas zonas onde se comprobe a perda de sección de aceiro colocarse un novo armado cos anclaxes e solapes normativos. O anclaxe farase con epoxi LANKO 707 (ou produto de semellantes características).*
7. *Completarase a sección dos elementos resistentes con LANKO 731 (ou produto de semellantes características).*
8. *Finalmente deberanse protexe-las vigas e esteos aplicando un morteiro LANKO 101 (ou produtos de semellantes características) cunha malla de fibra antialcalina, pintando como acabado final.*
9. *O tramo de forxado que presenta un cambio de nivel poderase repoñer completando as viguetas do mesmo xeito que no caso dos tramos afectados por corrosións.*

A obra plantexada ten unha execución complexa por dúas razóns:

- *A obra desenvólvese nun mercado polo que non se pode traballar nas horas de maior afluencia de público e precísase controla-la emisión de residuos por cuestións de hixiene na manipulación de alimentos.*
- *Por outra parte non se coñece a magnitude total da obra de reparación xa que é necesario o picado dos elementos estruturais para comproba-lo seu estado, momento en que deberán adoptarse as medidas de reforzo mais axeitadas. No caso de que os armados da capa de compresión do forxado estiveran afectados precisaríase demole-los baños da planta superior e afectar incluso a algún posto de venta desa mesma planta.*

2. DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS

O edificio construíuse antes da entrada en vigor da vixente normativa de protección contra incendios NBE CPI-96. O estado actual das instalacións non cumpre cas condicións que establece a esta norma para o uso de garaxe – aparcamento e para o uso de mercado. Aínda que a propia NBE CPI-96 establece que soamente será obrigatorio o cumprimento das condicións establecidas por esta norma nos casos de obras de reforma total ou parcial das instalacións, considérase que é necesario proceder a face-las obras necesarias para o seu cumprimento xa que diso depende a seguridade dos usuarios deste equipamento.

As condicións de compartimentación, evacuación, sinalización e instalacións cas que debe contar esta zona son as seguintes:

- As zonas de compartimentación con outros usos (plantas de venta de produtos) deberán ter accesos a traveso de vestíbulos previos con portas RF-30 e apertura cara ó vestíbulo. O aparcamento deberá ser un sector de incendios independente do resto do edificio. Nestes intres non existe vestíbulo previo de acceso ó garaxe, as portas non teñen aperturas antipánico e abren cara ó interior do garaxe cando debería ser ó contrario.
- O acceso ós ascensores que comunican o garaxe cos outros usos deberá realizarse a traveso dun vestíbulo previo con paredes e teitos RF-120 e porta RF-60 de paso o garaxe.
- As escaleiras para evacuación ascendente deberán ser especialmente protexidas cumprindo as condicións especificadas na normativa. Nestes intres as escaleiras non están separadas do espazo de mercado polo que non cumpren o especificado pola normativa.
- Os extintores, de eficacia 21A-113B, estarán situados a menos de 15m de todo punto das zonas de circulación ou distribuídos segundo a relación 1/20 prazas. O emprazamento actual dos extintores non cumpre con esta disposición.
- As dúas plantas de soto deben contar con bocas de incendio equipadas tipo 25mm con mangueriras que cheguen a calquera punto das zonas de circulación. Como mínimo instalárase unha boca preto de cada saída. As bocas instaladas na totalidade do edificio cumpren, pero non existe presión na rede polo que non poderían cumprir-la súa función en caso de incendio.
- O garaxe-aparcamento deberá contar cun sistema de detección e alarma xa que a súa superficie construída e maior de 500 m². Agora non hai instalado sistema algún.
- Deberase instalar un sistema de alumeado de emerxencia. As luminarias de emerxencia instaladas (soamente no soto 2) non son suficientes e non garanten a iluminación mínima esixida pola normativa.
- A sinalización de saídas e dos percorridos farase segundo o disposto na norma UNE 23-034. A sinalización existente non cumpre co esixido na normativa.
- A sinalización dos medios manuais de protección farase segundo o disposto nas normas UNE 23-033 e 81-501. A sinalización existente non cumpre co esixido na normativa.
- A iluminación das sinais farase con iluminación propia de emerxencia ou mediante fotoluminiscencia conforme á norma UNE 23-035-1. A instalación existente non cumpre co esixido na normativa.
- A extracción de fumes en caso de incendio pode ser por ventilación natural ou forzada. Soamente o soto 2 dispón dun conducto de ventilación perimetral que, polo seu estado de conservación, non garante a renovación de aire necesaria. O soto 1 non dispón de instalacións de renovación de aire. As condicións existentes parecen aconsellar a instalación de ventilación forzada garantindo 6 renovacións por hora e bocas de extracción a menos de 25m de calquera punto.

A iluminación en determinadas zonas dos dous sotos é deficiente. Aínda que se procedese a substituí-las fluorescencias fundidas, cuestión que non se fai ca periodicidade aconsellable, non se acadaría o nivel de

iluminación esixible para este tipo de recinto, polo que haberá que incrementala incorporando novas luminarias segundo estudio de iluminación pendente de redacción.

3. DEFICIENCIAS NAS CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE E HIXIENE

Ademáis dos traballos necesarios para garanti-las condicións de salubridade e hixiene das instalacións que recollerán os informes sectoriais encargados polo propio Concello a outros departamentos, recóllense aquí as obras de reparación necesarias no pavimento e na rede de saneamento.

- O pavimento presenta deterioros en varias zonas, por exemplo nas escaleiras, onde se amosan oxidacións procedentes do armado das lousas e forxados. O desgaste do pavimento, ademais de ocasionar problemas de hixiene, permite o contacto das augas procedentes da limpeza das instalacións (que conteñen sales) ca estrutura iniciando así un proceso de oxidación que afectará, si non se remedia a tempo, á resistencia dos elementos estruturais destas zonas (como sucedeu na zona de administración).*
- Compróbase a existencia de goteiras en varias zonas procedentes da rede de saneamento e evacuación de augas residuais da planta primeira. Hai sumidoiros cegados e outros atópanse atascados polo que en determinadas zonas as augas procedentes dos postos de peixe non teñen saída directa á rede de saneamento Existen filtracións de augas residuais dende os sumidoiros e dende as canles existentes no solo da planta primeira, nas zonas ocupadas polos postos de venta de peixe. Estas augas residuais caen enriba de postos de venta da planta baixa ou enriba de zonas de circulación. O falso teito desta planta xa amosa os síntomas de humidade propios de filtracións non resoltas dende hai tempo.*
- A cuberta do mercado presenta problemas puntuais de filtracións de auga que haberán de repararse mediante o reforzo da impermeabilización da cuberta neses puntos.*

4. OUTRAS DEFICIENCIAS

- Os aseos do aparcamento non acadan as condicións mínimas de servizo para que poidan estar abertos ó público.*
- A porta de acceso ós baños de homes da planta baixa non ten picaporte polo que non hai posibilidade de abrila dende o corredor de acceso.*
- Non existen aseos adaptados para persoas con minusvalías.*

5. MEDIDAS PROPOSTAS POLO LABORATORIO MUNICIPAL PARA CORRIXIR OS PROBLEMAS SANITARIOS

- 1.- Revisión en profundidade da praza superior (desaguadoiros, puntos de anclaxe das farolas, e pavimento).*
- 2.- Instalación de rexillas en todos os desaguadoiros da planta inferior así como sifones correspondentes para evitar atascos e malos cheiros.*
- 3.- Ten que procederse a limpeza inmediata dos numerosos postos valeiros, polo seu estado de abandono.*

Según manifiestan algúns titulares en activo, aínda que a xestora ten contratado o servizo de desinsectación ven continuamente cascudas, polo que deberá xustificarse o tratamento e o mesmo tempo proceder a eliminación total destes insectos.

4.- Na pranta adicada a supermercado, froitería, panadería,... deben proceder o acondicionamento total do almacén de froitas.

5.- O posto baleiro a carón da frutería mencionada ten que ser adecentado.

6.- A presión da manguera do extintor debe revisarse.

7.- Instalarase un fregadoiro no 1º soto destinado a venda de produtos do campo, dotado de xabón líquido e toallas de un só uso, deben pintar teitos, limpar alicatados e protexer as luces.

8.- No referente a zona destinada a garaxe dos usuarios, os aseos deben ser dotados de condicións hixiénicas – sanitarias adecuadas; o cableado eléctrico debe estar convenientemente instalado para evitar accidentes. Teñen que eliminar e limpar todas as zonas onde se atopan residuos de obra e varios.

9.- No 2º soto deberán reparar os ocos do teitos, ordear e limpar a sala pechada con candado e proceder a colocar correctamente o cableado pertinente.

Nesta planta comprobarase o funcionamento adecuado da ventilación.

O montacargos que está fora de uso, debe de ser reparado.

Para rematar de maneira xeral, cómpre revisar todas as luces do mercado, goteiras e instalacións eléctricas, así como proceder a colocación de portas de entrada de saída para evitar a presenza abundante no mercado de insectos voadores e pombas.

6. MEDIDAS PARA CORRIXIR AS DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS

- 1. Subsanan as deficiencias do alumeado.*
- 2. Repara a caixa estacan de protección de enchufe rota na zona de lavadeiros do primeiro andar.*
- 3. Reformar o actual sistema de ventilación para amplialo á planta baixa e adecualo a normativa á normativa actual recollida no código técnico de edificación aprobado por Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.*
- 4. Reparar o montacargas.*
- 5. Subsanan a pingueira no pasillo de acceso á planta baixa, dende a rúa Progreso.*
- 6. Dotar as Bocas de incendio de presión de auga.*
- 7. Instalar iluminación de emerxencia.*
- 8. Instalar manillas nas portas dos aseos.*

9. *Os sotos primeiro e segundo con uso de garaxe aparcamento é imprescindible adaptalos á normativa vixente xa que carece de sistema de ventilación e extracción de fumes, non ten sistema de iluminación de emerxencia, a iluminación de servizo está moi deteriorada coa maioría dos puntos de luz sen servizo e non se aprecia instalación contra incendios.*
10. *Instalar protección nas mangueiras conductoras de electricidade do primeiro soto.*
11. *O soto segundo carece de aseo e o do primeiro soto está en moi mal estado con deficiente iluminación co inodoro e cunha pileta fora de uso. Carece así mesmo de calquera tipo de ventilación, natural ou forzada.*
12. *Instalar tapas nas caixas de conexións eléctricas e colgalas nas súas anclaxes.*
13. *Arranxar a pechadura da caixa xeral de acometida eléctrica.*
14. *Arranxar a tubería de saneamento rota no soto primeiro.*
15. *É necesario acometer unha reforma integral nos dous sotos para garantir os mínimos de seguridade imprescindibles neste tipo de locais, e adaptalos á normativa vixente.*

7. PRAZO DE COMPROMISO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE EXECUCIÓN

Dada a urxencia e necesidade inaprazable das obras, polos motivos mencionados, nos quince primeiros días do prazo de tres meses concedido ó concesionario, deberá comunicar expresamente ó departamento de patrimonio do Concello a súa intención de realizalas, presentado proxecto visado polo técnico correspondente. En caso contrario, a Administración procederá subsidiariamente a realizar as mesmas con cargo ó concesionario.

CUARTO.- De non proceder á realizar en prazo as obras mencionadas no apartado anterior, a xustificar a súa solvencia económica e técnica para a xestión do servizo de mercado, consonte o disposto na LCAP, a presentar un plan de viabilidade da explotación e un programa para a realización das obras que garantan o bo estado das instalacións do mercado, a Administración declarará en secuestro a concesión.

QUINTO.- Requerir á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo que aporten as autorizacións municipais e licenzas que lle autorizan a exercer a actividade de aparcadoiro nas instalacións do Mercado do Progreso, así como adecuar ó mesmo a normativa actual sobre seguridade.

SEXTO.- Requerir de pago ós titulares de contratos de arrendamento de postos no Mercado do Progreso que adeudan cuotas correspondentes ó aluguer dos mesmos citados no seguinte apartado e polos períodos mencionados no mesmo, procedendo en caso contrario a existir o pago por vía de contrinximento, para o que se requirira previamente a concesionaria certificación das debidas pendentes máis os xuros legais correspondentes.

SETIMO.- Incoar expedientes sancionadores ós seguintes titulares de postos no Mercado do Progreso: Héctor Soto González, Francisca Barcia Oliveira, Carmen Amoedo Amoedo, Maria Dolores Oya Amoedo, Estela Araujo Castro, Maria Carmen Araujo Castro, Plácida Castro Castro, Gloria Cal Conde, Ana Maria Alves González, Victoria Alves González, Dolores Oya Amoedo, Purificación García González, Maria Angeles Bastos Besada, Carmen Domínguez Fernández, Alvaro Veiga Domínguez, Gerardo Rodríguez Rodríguez, Domingo Carrera Pajares, Maria Hilda Fernández López, Rosario Fernández López, José Antonio Beltran, Jose Manuel Fraga Pérez, Patricia Rodríguez Cendón, Sebastián José Tato Vila, Roberto

Otero Fernández, Asunción Sanz Méndez, Fernando Manuel González Rodríguez, Manuel Jorge Seijo, Ana Maria Fernández Morell, Luisa Domínguez Amoedo, Berlamar González Doval, Margarita Roríguez Otero, Maria Mercedes Brao Godoy, Josefina Marcos Vidal , Amalia Conde Dorna, Maria Teresa Marcos Vidal, Antonia Barreras Varela, Maria del Pilar Collazo Barreras, Pilar Rodríguez Alonso, José Angel Comesña Fernández, Marina Villanueva Cosano, Marly Rodríguez Lemos, Elvira Fernández Bamio, Maria del Carmen Oya Amoedo, Julia Quinteiro Quintas , Maria del Carmen Alonso González, Flora Quinteiro Quintas, Caridad González Estévez, Jesús Abalde Guiadanes, Josefina Villanueva Gondar, Rosa Amoedo Bouzón, Francisca Amoedo Bouzón, Raúl Fontán Villanueva, Carmen Pintos Rivas, Margarita Hernández Rodríguez, Teresa Mayor Montenegro, Marcelina Casal Soto, Manuel Rosario González, Maria del Pilar González Leis, Maria Ángeles Fernández Covelo, M^a Pilar Alonso Quiñones, Ana Maria Novelle Pintos, Herminia Alonso Pintos, Gerardo Lens Fuentes, Concepción Lago Vázquez, Airtel S.A., Supermercados Froiz, por presunta comisión da infracción grave de acumulación de dúas cotas impagadas, tipificada no artigo 19.c do Texto Refundido, polo impago das cotas de aluguer correspondentes, respectivamente:

- Ós meses de setembro e outubro de 2004.
- Ós meses de novembro e decembro de 2004.
- Ós meses de xaneiro e febreiro de 2005.
- Ós meses de marzo e abril de 2005.
- Ós meses de maio e xuño de 2005.
- Ós meses de xullo e agosto de 2005.
- Ós meses de setembro e outubro de 2005.
- Ós meses de novembro e decembro de 2005.
- Ós meses de xaneiro e febreiro de 2006.

OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.

NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais.”

23(353).-RECTIFICACIÓN DE ERROS EXISTENTES NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16364/220.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Rectificar, ó abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data 30/05/2005, polo cal se acordou aprobar a relación de postos de traballo e instrucións para o ano 2005 do Concello de Vigo, os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes no devandito acordo, no senso que seguidamente se indica:

- No apartado correspondente ao persoal laboral, Unidade 8. 6.2. taller Parque Móbil, e concretamente os códigos correspondentes á denominación do posto de “oficial conductor-xestor de flota” (cód. 445.12) e “oficial conductor-xestor de acopios e custos” (cód. 445.11), debe dicir: “código 445.11-oficial conductor-xestor de flota” e “445.12 – oficial conductor-xestor de acopios e custos”. Nos codigos retributivos correspondentes a ambos postos (asimilacion funcionarios) deberán ser: Nivel C.D. 15 y Nivel C.E. 53.
- Na Unidade Asesoría Xurídica (Codigo 111) figuran os postos 111.6 “Asesor Xurídico”, e co mesmo código 111.6 o posto de administrativo, polo cal debe dicir 111.3 “Asesor Xurídico” e 111.6 “Administrativo”.
- No posto 201.01 da Unidade 5.1.5 Codigo 201 Conserxeria, no posto 201.01 “Xefe Subalternos”, con respecto a escala figura “AG-AE”, debe dicir unicamente “AE” (Administración especial), tendo en conta os cometidos a desenvolver por dito posto.

2º.- Ordenar a publicación da dita rectificación na forma e nos termos establecidos na devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.”

3º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

24(354).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR PRESTAR SERVIZOS EN XORNADA PARTIDA, FEBREIRO 2006. EXPTE. 16326/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.03.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 17.03.06, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarás os traballadores que figuran nas relacións remitidas con data 1 de marzo do ano que andamos, polo Xefe de Servizo e debidamente conformadas pola Alcaldesa do Concello de Vigo, que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de FEBREIRO-2006, e que ascenden a un total de 1.282,16 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(355).-CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OPERADOR DE MANTEMENTO INFORMÁTICO E UN TÉCNICO DE INSTALACIÓNS DE REDES. EXPTE. 16347/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 31.03.06, dáse conta do informe proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 13.02.05, conformado pola xefa de Persoal e o concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 13 de xaneiro de 2006 o Xefe do Servizo de Informatica solicita a contatacion temporal dun operador de mantemento informatico e un Tecnico de Instalacions de Redes. Con data 13 de febreiro, e tendo en conta que o Tecnico de Mantemento de Informatica atopase de baixa por accidente laboral de previsible longa duracion, o Xefe do servizo solicita a resolucion da solicitude realizada no mes de Xaneiro e considerase imprescindible a realizacion da contratacion como minimo dun Tecnico de Redes e Explotacion de sistemas informaticos, para reforzar o servicio.

Polo anteriormente exposto e ante a situacion do Servizo de Informatica e comunicacions, agravada pola recente baixa do Tecnico de Mantemento de Informatica, e co obxecto de poder dar servizo os usuarios considerase imprescindible a contratacion do mencionado Tecnico/a de redes e explotacion de redes e sistemas informatico.

O Concelleiro delegado da área de xestión municipal, mediante instrucción de servizo de data 13 de marzo de 2006, autorizou a referida contratación, ordeando a Unidade de Persoal a tramitación do correspondente expediente.

En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización da contratación laboral proposta.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego publico, mediante convocatoria publica e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego, como un servicio público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20 da lei 2/2004 de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno local dicte a seguinte proposta de Resolución:

Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos dez candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: FP-II ou equivalente., e contar con experiencia acreditada non inferior a dous anos en : instalacion e mantemento de servicios de redes locais, equipos e sistemas informaticos, aplicacions informaticas e servicios de internet, mantemento de portales de informacion, reparación de ordenadores e impresoras, o que implica coñecementos de Ofimática, correo electrónico, Internet, Sistemas operativos Windows (98, XP), LINUX.

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do Servicio de Informática ou técnico en quen delegue, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña un candidato/a co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ó/a candidato/a que resulte seleccionado/a por orde de puntuación.

Cuarto.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato ó/a candidato/a proposto pola citada Comisión, sendo éste/a contratado/a baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas,

ainda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(356).-CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN ADMINISTRATIVO PARA O ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS. EXPTE. 16348/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 31.03.06, dáse conta do informe proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 20.03.06, conformado pola xefa de Persoal e o concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.

A Xunta de Goberno Local en sesion de data 23 de xaneiro de 2006, acordou a creación, dentro do organigrama municipal da “Unidade de apoio o Consorcio do Casco Vello” mediante a reasignacion de efectivos do persoal en servizo activo, D Jaime Rodriguez Vazquez, nº persoal 76570, con praza e posto de Auxiliar de Servicios Internos actualmente adscrito o servizo de Estadística e D Rafael González Sanmartín, nº de persoal 76086, con praza e posto de delineante e actualmente adscrito o servizo de Patrimonio Historico.

Coa creacion desta Nova Unidade, e mentras non se cubran definitivamente as prazas convocadas na Oferta de Emprego correspondente o ano 2005 e necesario dotar os anteriores servizos dos medios humanos necesarios para o desenvolvemento das tarefas que ten encomendadas. Mediante escrito de data 1 de febreiro de 2005, o Concellerío Delegado da Area de Servizos Sociais solicita que a vista do traslado do delineante adscrito o Servizo de Patrimonio Historico , e tendo en conta as necesidades da devandita Area , se contrate e adscriba un adminsitrativo a mesma.

En resumen, considerase urxente a contratacion de un/unha Administrativo para a Area de Servizos Sociais.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada, o igual que as listas de persoal auxiliar de carácter temporal realizadas ata a data.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 30/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2006, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

"Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación oferta xenérica dun administrativo/a, para que sexan remitidos tres candidatos/as para a categoría de administrativo/a que deberán cumprir as seguintes características:

Posto	N de postos	candidatos	Titulación esixida	Outros coñecementos
Administrativo/a	1	3	Bacharelato Superior, FP-2 ou equivalente	coñecementos de ofimática (Microsoft Office)

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, os xefe do respectivo servizo ou no seu defecto administrativo, integrado no grupo correspondente, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña o candidato/a para cada categoría, co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará das seguintes probas:

Administrativo:

1ª Proba: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test proposto pola Comisión de 20 preguntas como mínimo con catro respostas alternativas relacionadas co temario do seguinte programa, no tempo que fixe o tribunal.

Tema 1.- Organización municipal. Competencias.

Tema 2.- Dereitos e deberos dos funcionarios públicos locais. Dereito de sindicación. A Seguridade Social. O persoal laboral ó servizo das Entidades Locais. Réxime xurídico

Tema 3.- Procedemento administrativo local. Concepto, Principios que o inspiran. Actuacións que comprende.

Tema 4.- O rexistro de documentos. Concepto. O rexistro de entrada e saída e o seu funcionamento nas Corporacións Locais. A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. A informatización dos rexistros. Comunicacións e notificacións.

Tema 5.- Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.. Os orzamentos locais.

2ª Proba: De carácter práctico sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

Ambalas dúas probas avaliaránse de cero a dez puntos, tendo carácter excluintes se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos en cada unha delas.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo estes/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.”

27(357).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE SETEMBRO-OUTUBRO 2005 E FEBREIRO 2006. EXPTE. 16346/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.03.05, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 27.03.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de SETEMBRO/OUTUBRO-2005 e FEBREIRO-2006, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comeza por don Carlos Abreu Torres, Francisco J. e remata por don Manuel Villar Domínguez, por un total de 800,00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Alonso Iglesias e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total de 468,00 horas.
- Policía Local, relación que se achega no expediente e que comeza a primeira delas por don Constante Alonso Caride e a segunda por Manuel Alonso Iglesias e rematan por don Francisco José Vila Campos –a primeira- e Manuel Vieitez Vieitez –a segunda das relacións-, por un total de 1.546’45 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 921,00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 167,00 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 130,00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 213,00 horas.

- Oficina Supervisora de Proxectos e Inpección de Obras, aboar a don Angel Ferro Macho un total de 145,00 horas.
- Conserxería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 6 horas 30 minutos e dona María Teresa Vaqueiro Herbelo, por un total de 14,00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 109,30 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por D. Ricardo González Arzúa e remata por D. José Manuel Sousa Atrio, por un total de 64,00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 34.333,04 € (TRINTA E CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CATRO CÉNTIMOS).

28(358).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL, FEBREIRO 2006. EXPTE. 16316/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 31.03.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 14.03.06, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servicio de cemiterios e rematan por don Francisco Rial Estévez do IMD, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 62.993,36 € (SESENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES MIL EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, correspondentes o mes de FEBREIRO de 2006.

SERVICIO	IMPORTE
CEMITERIOS	1.508,00
POLICÍA LOCAL	35.580,48
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	20.841,60
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	1.301,56
ALCALDÍA	185,38
LIMPEZA	579,28
CONSERXERÍA	87,10
PARQUE MÓBIL	1.474,98
PARQUE CENTRAL	911,04
ELECTROMECAÑICOS	219,44
DESINFECCIÓN	191,36
IMD	113,14
TOTAL	62.993,36

29(359).-RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL FORMULADA POR D^a DOLORES SEOANE DOMÍNGUEZ. EXPTE. 16365/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 5.03.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En data 06/03/2006 (selo da Oficina de Correos) D^a Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36.132.801-P remite carta ao Museo Municipal “Quiñones de León” na cal formula reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional laboral en reclamación de relación laboral de carácter indefinido con este Concello de Vigo. Do devandito escrito deuse traslado á Unidade de Persoal en data 14/03/2006.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A reclamación en vía administrativa é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos no que dito requisito esté exceptuado por unha disposición con rango de Lei (artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999).

II. A reclamante sinala que vén prestando servizos por conta e dependencia do Concello de Vigo (Museo Municipal “Quiñones de León”) dende o 07/02/2001 ata a actualidade e de xeito ininterrompido, extremo que, nin consta nesta Unidade de Persoal, nin se acredita documentalmente por medio algún válido en Dereito.

Na Unidade de Persoal consta unha petición formulada pola propia reclamante e datada o 31/01/2001, na cal –tras expoñer as súas cualidades profesionais e achegando breve currículum vitae- solicita que se lle permita a realización de prácticas no Museo Municipal “Quiñones de León”, dado o seu “interese na arte contemporánea galega e sobre todo pola posibilidade de traballar coa cartografía dispoñible no Museo”, como ela mesma afirma.

A realización das ditas prácticas foi autorizada en Decreto da Alcaldía de data 08/02/2001, tendo por obxecto a realización de tarefas de investigación sobre os fondos do Museo coa finalidade de ampliación de coñecementos, con efectos de 01/03/2001 e ata o día 31/05/2001, a desenvolver en horario de oficina e baixo a supervisión do funcionario que tivese ao seu cargo as funcións propias dos coñecementos que se pretendía adquirir.

No citado Decreto fíxose constar expresamente que en ningún caso a autorización de realización de prácticas implicaría vínculo ou relación contractual algunha, non tendo a solicitante relación de dependencia co Concello, o cal unicamente se comprometeu á expedición dun certificado sobre as prácticas realizadas á finalización das mesmas.

A reclamante interesou a continuación do período de prácticas en escrito sen datar, que foi remitido á Unidade de Persoal dende a dirección do Museo, non constando que a prórroga das ditas prácticas fose autorizada; unicamente consta un informe favorable do director do Museo, proponendo a prórroga por 3 meses máis (ata o 30/08/2001) e sinalando que as ditas prácticas non implican relación laboral algunha coa solicitante.

Transcorrido o tempo, e en Decreto de data 13/06/2003, a reclamante foi contratada polo Concello baixo a modalidade contractual laboral temporal da acumulación de tarefas, dende o 01/07/2003 ata o 31/10/2003, tras a superación das probas selectivas convocadas a tal fin; contrato que foi prorrogado a petición do Director do Museo

Municipal “Quiñones de León”; a dita próroga foi autorizada en Decreto de data 27/10/2003 por un período de 2 meses máis.

III. Á vista do anterior, parece a todas luces obvio a imposibilidade legal de acceder ás pretensións da reclamante; a tal efecto, cómpre sinalar que o acceso a un posto de traballo de carácter permanente nas Administracións Públicas (ben como persoal laboral ou ben como funcionario público) únicamente pode realizarse tras a superación dos correspondentes procesos selectivos convocados ao efecto, que haberán de respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade (artigo 19 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; artigo 3 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, do Regulamento de Provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna na Comunidade Autónoma de Galicia; artigos 3 e 4 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional). Normas que en ningún caso pode vulnerar esta Administración.

O que non resulta admisible é que esta Administración acceda ó solicitado pola reclamante, quen parece que pretende a utilización dunha figura legalmente prevista -como poden ser as prácticas ou un contrato laboral temporal por acumulación de tarefas- para ingresar na plantilla municipal sen respectar os mecanismos establecidos a tal efecto, xa que propia reclamante estaría solicitando, propiciando e beneficiándose dunha posible fraude de lei, figura xurídica recollida no artigo 6.4 do vixente Código Civil, e consistente nos actos realizados ao amparo do texto dunha norma xurídica e que persiguen a obtención resultado prohibido polo ordenamento xurídico ou contrario ao mesmo, como sería a obtención do posto de traballo indefinido neste Concello sin reunir os requisitos para elo.

IV. Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada por D^a Dolores Seoane Domínguez, con DNI 36.132.801-P, en reclamación de administrativa previa á vía xurisdiccional laboral, en atención aos fundamentos xurídicos expresados.”

“SEGUNDO.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa previa ó exercicio de accións en sede xurisdiccional laboral, poderanse interpoñer os recursos recollidos no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(360).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DE FINCA NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXPTE. 197/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 30.03.06, que di o seguinte:

En data 28.06.2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "IV-01 San Roque" (exp. 8159/411). As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP 164, do 25.08.2004.

O 07.10.2005 o representante da entidade mercantil "Inmobiliaria Urbis SA" presentou nesta Administración solicitude de aprobación da constitución da Xunta de Compensación do polígono 3 do devandito PERI. Achegou con esa solicitude copia auténtica de dúas escrituras públicas outorgadas perante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González. Na primeira delas, do 22.09.2005 (núm. 2866 de protocolo), a referida entidade mercantil manifestou a súa adhesión ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 e publicado no BOP núm. 1, do 02.01.2004. En virtude da segunda, do 06.10.2005 (núm. 3077 de protocolo), constituíuse a Xunta de Compensación do mentado polígono, previa convocatoria ós interesados e co asentimento dos propietarios que representaron o 87,478 % da superficie total do polígono.

Na sesión da Xunta de goberno local de 24.10.05, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aplicar ó polígono "3" do PERI "IV-01-San Roque A" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004). SEGUNDO: Aprobala constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada no 06/10/2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José-Antonio Rodríguez González co núm. 3077 do seu protocolo (...)"

O 20.02.06 don Miguel Ángel Revenga Monforte, na súa condición de presidente da Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV-01 San Roque A, presenta escrito e documentación para a tramitación do proxecto expropiatorio dos propietarios non adheridos en prazo. O documento está elaborado polo arquitecto don Xosé A. Comesaña García e o avogado don Diego Gómez Fernández. Esta visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 15.02.06.

O 27.03.06 o arquitecto técnico municipal informa o seguinte: "(...) Con data 28 de xuño de 2004 foi aprobado definitivamente polo pleno do Concello o plan especial de reforma interior PERI IV-01 San Roque A. Con respecto ó polígono 3 que figura a desenvolver polo sistema de compensación, figuran as superficies do ámbito, así como a edficabilidade e aproveitamento tipo, cesións, etc...Con data 24 de outubro de 2005 foron aprobadas as Bases e Estatutos da Xunta de Compensación, expediente 4628/401. Con data 20 de febreiro, se presenta parte de D. Miguel Angel Revenga Monforte o proxecto de expropiación dos bens e dereitos dos propietarios non incorporados á Xunta de Compensación do Polígono. No expediente figuran un total de dous parcelas non incorporados, pertencentes a dous propietarios e a parte proporcionalidad dunha zona común. Na valoración no expediente presentada pola xunta de compensación, con visados do COAG de datas de 15 de febreiro e 27 de marzo de 2006 figuran as descripcións das fincas non incorporadas, o cálculo da valoración e as follas do prezo xusto individualizadas. Unha vez examinado o expediente, en canto á valoración presentada, a xuízo do técnico que subscribe, os valores presentados axústanse ó valor de mercado actuais para terreos urbanos pendentes de urbanización (...)"

As follas de aprecio individualizadas dos bens a expropiar son as seguintes:

FOLLA DE PREZO XUSTO
PARCELA Nº: 09 PROPIETARIO: Dona Ángela Díaz e don Benjamín Guzmán González.

<i>RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE €</i>
135,53 m2	Terreno	1069,62	140.687,06
140.00 m2	Inmoble	324,76	45.466,93
61,53 m2	Peches, pasos, demás elementos urb.	49,27	3.031,33
Suma:			189.185,32 euros
5% premio afección.....			9.459,27 euros
Total valoración.....			198.644,59 euros.

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>20% da Parcela número 10 correspondente ós propietarios da parcela 9</i>			
<i>PROPIETARIO: Dona Ángela Díaz e don Benjamín Guzmán González</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS</i>			
<i>UNIDADE</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>PREZO</i>	<i>IMPORTE €</i>
20% sb. 366,36 m2	Terreno	1.069,62	78.372,83
20% sb 366,36 m2	Peches, pasos e demais elementos da urb. interior	49,27	3.609,83
Suma			81.982,66 euros
5% premio afección.....			4.099,13 euros
Total valoración.....			86.081,79 euros

<i>FOLLA DE PREZO XUSTO</i>			
<i>PARCELA Nº: 11</i>			
<i>PROPIETARIO: Don Carlos Martínez Estévez e dona Sofía Marquez.</i>			
<i>RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS</i>			

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO €/m2	IMPORTE €
100,95 m2	Terreo	1.069	107.978,11
Suma			107.978,11
5% premio afección.....			5.398,11
Total valoración.....			111.377,02

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- *Obrigas dos propietarios adheridos e non adheridos á Xunta de compensación no desenvolvemento dunha unidade de actuación.- Os arts. 20.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e art. 14.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbano non consolidado, entre as que figuran (entre outras) a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios. O art. 156.1 LOUGA preceptúa ó respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación". Tal petición foi formalizada por escrito de 20.02.06 presentado por don Miguel Angel Revenga Monforte como presidente da Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV-01 San Roque A. O propio art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do regulamento de xestión urbanística (RXU) dispoñe que: "(...) Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación (...)"*

2.- *Procedemento de aprobación do proxecto expropiatorio.- O artigo 143 regula o procedemento de expropiación polo sistema de taxación conxunta. No mesmo se obriga a un contido mínimo e se dispoñe un procedemento de aprobación do mesmo. O proxecto deberá ser sometido a un trámite de información pública para que aqueles que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Así mesmo se deberá notificar individualmente ós que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente con traslado literal da folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración. Tra-lo analise das alegacións presentadas, procederase á aprobación definitiva implicando a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.*

3.- *Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.*

En virtude dos feitos e fundamentos indicados, propóñese a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos predios correspondentes propietarios non adheridos á Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV-01 San Roque A (relacionadas na

parte expositiva deste Acordo), con Memoria e Planos redactados polo arquitecto don Xosé A. Comesaña García e o avogado don Diego Gómez Fernández.

SEGUNDO: Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(361).- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 6 DO PERI DE BOUZAS. EXPTE. 4631/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 27.03.06, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

O 7.11.05 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

Logo do oportuno requerimento municipal o 30.12.05 don Daniel Vázquez Ferro presenta escrito e documentación. Con posterioridade o 23.03.06 a mesma é completada. No expediente constan os seguintes documentos:

- *Escritura pública de aceptación de estatutos e bases de actuación de 7.12.05, outorgada ante o Notario do ilustre Colexio de Galicia don Jose María Rueda Pérez (2734 do seu protocolo).*
- *Escritura pública de constitución da xunta de compensación de 21.12.05, outorgada ante o Notario do ilustre Colexio de Galicia don Jose María Rueda Pérez (2828 do seu protocolo).*
- *Escritura pública de protocolización de estatutos e bases de actuación de 15.02.06, outorgada ante o Notario do ilustre Colexio de Galicia don Jose María Rueda Pérez (385 do seu protocolo).*
- *Notas simples das fincas que se encontran inmatriculadas.*
- *Notificacións practicadas ós propietarios non presentes no acto de constitución da xunta de compensación.*

Tendo en conta a escritura de adhesión ó modelo xeral de estatutos e bases de actuación, se adheriron ó mesmo os propietarios que supoñen o 91,65% da superficie total do polígono 6 do PEPRI de Bouzas.

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Aplicación do modelo xeral de estatutos e bases de actuación.- Resulta procedente a aplicación a este polígono do modelo xeral de estatutos e bases de actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) por canto consta a adhesión fehaciente ó mesmo dos propietarios que representan unha superficie superior ó 70% da total do polígono, tal e como dispón o art. 155.2 Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Do mesmo xeito, de conformidade co preceptuado no art. 156.1 da Lei 9/02 concederáselle ós propietarios non incorporados á Xunta de Compensación o prazo dun mes para adherirse á mesma. No caso de non facelo serán obxecto de expropiación forzosa.

2- Constitución da xunta de compensación.-Procede tamén aproba-la constitución da xunta de compensación, que se efectuou en escritura pública polos propietarios que representan máis dun 50% da superficie do ámbito, con cumprimento do disposto no art. 155 da Lei 9/02 e preceptos concordantes do vixente regulamento de xestión urbanística, aprobado por real decreto 3.288/78, de 25 de agosto. De acordo co previsto no artigo 8º.7 do modelo de estatuto e bases ó que se adhiren os propietarios, se entenden por incorporados os propietarios de fincas en proindiviso nos que consta a conformidade dos cotitulares que representan o 50% das cuotas de participación na comunidade. Non obstante, para lograr a maior consenso posible, se lles notificará o presente acto de forma individualizada para que teñan a oportunidade de dar o seu expreso consentimento.

3.- Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da xunta de compensación.

4.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo iso, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aplicar á xestión do "polígono 6 do PEPRI de Bouzas" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

SEGUNDO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 21 de decembro de 2005, ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José María Rueda Pérez (protocolo número 2.828). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó concelleiro-delegado de urbanismo don José Manuel Figueroa Vila.

CUARTO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

QUINTO: Requirit os propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo de UN MES se adhieran perante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal nese prazo. No caso contrario poderán ser obxecto de expropiación forzosa.

SEXTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(362).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE TALLERES ROUCO S.L. CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. IND. II-03 S. ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 4555/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, de 3.04.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- En data 26/12/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

"PRIMEIRO: Estimar a alegación formulada por D. Ricardo Suárez Ramilo (Urbarrio SL) durante o trámite de información pública aberto no procedemento de referencia. Desestimar a alegación de D^a Elisa Pazos Beiro (Talleres Rouco SL) polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE II-03 San Andrés de Comesaña, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono e redactado polo arquitecto D. J. Enrique López Santander, na súa última versión, de novembro de 2005 -expte. 4555/401- (...)".

2.- No día 01/03/2006 D^a Elisa Pazos Beiro, en representación da entidade mercantil "Talleres Rouco SL" interpuxo Recurso de Reposición contra o devandito Acordo. Nél solicitou que se suprimise o proindiviso da parcela resultante "A" e que se indemnizase a "Talleres Rouco SL" con 90.639,83 €.

Déuselle traslado dunha copia de dito recurso á Xunta de Compensación, que procedeu a impugnaloo mediante outro escrito presentado na Xerencia de Urbanismo no 21/03/2006, solicitando a desestimación do recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- A recorrente solicita, en primeiro termo, que se lle adxudique a "Talleres Rouco SL" unha parcela resultante en exclusiva propiedade e pleno dominio, non en réxime de proindiviso, sobre a parcela inicial núm. 3, compensándosele así as indemnizacións que lle puidesen corresponder co conseguinte exceso de aproveitamento. Tamén que se lle adxudique a D^a Elisa Pazos Beiro o seu aproveitamento na parcela resultante "B".

A Xunta de Compensación acordou desestimar esta alegación na súa Asembleia xeral do 18/01/2005. O número de parcelas de resultado non se pode incrementar, pois o cumprimento das determinacións da ordenanza 2.2.D do PXOU-93 (recuamentos, superficie mínima e máxima, etc) impedirían materializar gran parte do aproveitamento urbanístico recoñecido ao polígono no planeamento. En consecuencia, a configuración das parcelas de resultado prevista na última versión do PC é a mellor de entre as posibles, acomodándose ás determinacións do Estudio de Detalle aprobado e do propio Plan Xeral, así como da lexislación vixente.

II.- Tampouco procede recoñecer ningunha indemnización pola derruba da parte da nave preexistente afectada polas aliñacións do viario. Elo porque tanto a nave como a actividade desenvolvida nela son clandestinas e ilícitas. Carecen totalmente de licenza e son ilegalizables por incumprimento das determinacións do planeamento. Motivo polo cal tramitáronse contra ela nesta Administración municipal senllos procedementos disciplinarios, un de restauración da legalidade urbanística e outro sancionador. O primeiro deles concluíu cun Acordo da Comisión de Goberno do 07/05/1993 no que se ordeou "a demolición da obra realizada por José Manuel Costas Rouco, na Avda. Ricardo Mella s/n consistente en construción dunha nave industrial de 440 m2 de superficie, con 142 m2 en planta baixa, 142 m2 en planta primeira, e 138 m2 de almacén adosado ó lateral esquerdo da nave, carecendo da preceptiva licenza municipal e sendo non permisible (...). Concederlle a José Manuel Costas Rouco, o prazo dun mes, contado a partir da recepción da presente notificación a fin de que proceda voluntariamente á demolición das obras ordenadas anteriormente, apercibíndolle que no caso de incumprimento, se procederá á execución subsidiaria por este Concello, a súa costa". Asemade no 21/04/1993 o entón Alcalde-Presidente impúsolle por estes mesmos feitos unha sanción de 3.750.000 ptas.

Non concorre prescripción na orde de derruba, entroutros motivos porque cando se aprobou definitivamente este Proxecto de Compensación aínda non concluíra o prazo de 15 anos dende a súa emisión, aplicable na interpretación máis favorable ao infractor, segundo criterio xurisprudencial consolidado, adoutado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S^a do Cont.-Ad.) en reiteradas sentenzas, entre as que se pode citar coma exemplo as do 14/12/2000 (recurso 4877/1997), 14/12/2001 (rec. 4877/1997, JUR 2001\111650, relator: Ilmo. Sr. Méndez Barrera), 236/2005, do 14/04/2005 (rec. apel. 4504/2002, relator: Ilmo. Sr. Trillo Alonso) e 15/10/1998 (rec. 4892/1996), a última delas confirmada pola S. do Tribunal Supremo do 25/11/2002 -relator: Sr. Rodríguez-Zapata, casación 1017/1999, RJ 10509-, na que se afirma (FD 6^o) que:

“(…) No es aplicable a una orden de demolición el artículo 132 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (LRJA-PAC), ya que no nos encontramos ante una sanción administrativa sino ante un acto firme de restablecimiento de la legalidad vulnerada. La doctrina de las sentencias de 11 de abril de 1984 y 5 de junio de 1987 (RJ 5927), que correctamente invoca la recurrida, es la que debe determinar, en fin, que subsista la obligación de ejecución del acto, en aplicación del plazo de prescripción de acciones que establece el artículo 1964 del Código Civil”.

Non procede aplicar o prazo prescriptivo de 5 anos previsto no art. 518 da nova Lei de Axuizamento Civil, entre outros motivos porque, como considerou o Tribunal Supremo no FD 14 da súa S. do 07/06/2005 (casación 2492/2003, relator: Sr. Menéndez Pérez, RJ 5244), nun caso similar, en primeiro lugar dito precepto non se pode aplicar retroactivamente aos títulos executivos de data anterior á da súa entrada en vigor (08/01/2001). E, en segundo, porque a execución das ordes de derruba firmes constitúe unha potestade regrada da Administración, indispoñible, inaprazable e impulsable de oficio e non só a instancia de parte.

Proponse polo tanto a desestimación do Recurso de Reposición.

III.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC) e art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-lo Recurso de Reposición interposto por D^a Elisa Pazos Beiro, en representación da entidade mercantil "Talleres Rouco SL" contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/12/2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UE Ind. II-03 San Andrés de Comesaña, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 4555/401).

SEGUNDO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á recorrente e á Xunta de Compensación, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(363).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DAS FINCAS NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DA UA 2 PENÍS DE ARRIBA.. EXPTE. 180/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, de 3.04.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 06/06/1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral) -Expte. 4115/411-.

2.- No 18/03/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese polígono (expte. 4023/401, BOP núm. 2, do 05/01/1999).

No 24/08/2000 constituíuse a Xunta de Compensación, mediante Escritura Pública outorgada perante o notario D^a Esperanza Molina Sueiro co núm. 1.974 do seu protocolo.

No 09/11/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar dita constitución (expte. 4254/401).

3.- No 03/03/2005 o presidente e representante da Xunta de Compensación (XC) presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a expropiación por taxación conxunta das fincas primitivas núms. "19/18", "19" e "28" do polígono, toda vez que os seus respectivos propietarios negáronse a incorporarse á XC. Achegouse con esa solicitude o correspondente proxecto de expropiación, aprobado pola XC en asemblea do 26/02/2005.

En data 27/04/2005 remitiúselle dende a Xerencia de Urbanismo un Oficio a fin de que completase e corríxise a documentación presentada. No 23/05/2005 o representante da XC aportou o proxecto expropiatorio rectificadado. No 26/05/2005 o Arquitecto técnico municipal emitiu un Informe sobre o proxecto, no que concluíu a procedencia de eleva-lo importe do seu prezo xusto.

No día 01/07/2005 o representante da XC presentou na Xerencia de Urbanismo un novo proxecto expropiatorio corríxido (por triplicado exemplar). No 18/07/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un novo Informe no que considerou axeitada a valoración do prezo xusto expropiatorio contida no último proxecto presentado. No 22/07/2005 o técnico de administración xeral emitiu Informe xurídico ao respecto.

4.- No 01/08/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Expropiación. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 172, do 07/09/2005 e no diario Faro de Vigo do 26/08/2005, así como notificación individualizada aos afectados e ao Ministerio Fiscal.

Durante dito período interpúxose un único escrito de alegacións, subscrito por D. Avelino Piñeiro Chao (finca "3", doc. 50163835, 23/09/2005). Déuselle traslado dunha copia do mesmo á Xunta de Compensación, que procedeu a informalalo mediante outro escrito presentado na Xerencia de Urbanismo no 18/11/2005.

En data 23/11/2005 o Arquitecto técnico municipal emitiu Informe ao respecto.

5.- Mediante os respectivos oficios do 26/12/2005 concedéuselle un trámite de audiencia a D. Vicente Piñeiro Chao, D^a M^a Rosario Piñeiro Chao, D. José Carlos Piñeiro Chao, D^a Margarita Piñeiro Chao, D^a Magdalena Piñeiro Posada e D^a Herminia Posada Estévez. No 26/01/2006 D. Vicente, D^a Margarita, D^a M^a Rosario e D. José Carlos Piñeiro Chao presentaron respectivamente catro escritos declarándose cotitulares da finca núm. 3 obxecto de expropiación e solicitando a retroacción de actuacións a fin de poder adherirse á Xunta de Compensación.

Déuselle traslado dunha copia de ditos escritos á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalos mediante outro presentado no 28/02/2006. No 08/03/2006 o arquitecto técnico municipal emitiu un novo Informe ao respecto.

No 20/03/2006 D^a Herminia Posada Estévez interpuxo un escrito nesta Administración municipal achegando fotocopia dun Testamento aberto. No 23/03/2006 D. Vicente, D^a M^a Rosario, D. José Carlos e D^a Margarita Piñeiro Chao presentaron senllos escritos achegando copia de títulos de propiedade sobre a finca núm. 3 obxecto de expropiación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Os arts. 22 e 131 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e art. 18 Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbanizable, entre as que figuran a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios.

O art. 156.1 LOUGA preceptúa a este respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación".

Tamén o art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU) dispoñe que: "Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación".

Do mesmo xeito, o art. 144.2 LOUGA preceptúa que: "O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa (...)".

Por outra banda, o proxecto expropiatorio presentado pola Xunta de Compensación contén a documentación esixida no art. 143.1 LOUGA, axustándose as súas valoracións ó disposto nos arts. 23 e ss. LRSV e RD 1020/1993, do 25 de xuño.

II.- Alegacións formuladas durante o trámite de información pública

D. Avelino Piñeiro Chao presentou un escrito de alegacións en data 23/09/2005 (doc. 50163835), no que comunicou que a finca núm. 3 do proxecto de expropiación (694 m² de superficie) pertence en pro indiviso á comunidade hereditaria causada polo falecemento de D. Avelino Piñeiro Fernández, formada por D. Vicente, D^a M^a

Rosario, D. José Carlos, D^a Margarita e D. Vicente Piñeiro Chao (copropietarios) e por D^a Herminia Posada Estévez (usufructuaria). Solicitou a retroacción de actuacións, recoñecéndoselle a ditos copropietarios a posibilidade de adherirse á Xunta de Compensación e manifestou a súa oposición ás valoracións contidas no proxecto expropiatorio solicitando o seu incremento.

Como consecuencia do devandito escrito, notificóuselle individualizadamente ás referidas persoas o acordo de aprobación inicial do proxecto, concedéndoselle un trámite de audiencia.

Nos posteriores escritos presentados nesta Administración municipal por D. Vicente, D^a Margarita, D^a María Rosario e D. José Carlos Piñeiro Chao personáronse no expediente e solicitaron a retroacción de actuacións a fin de poder adherirse á Xunta de Compensación, indicando así mesmo a súa desconformidade co prezo xusto expropiatorio. Achegaron tamén copia compulsada da Escritura Pública de testamento aberto outorgada por D. Avelino Piñeiro Fernández no 14/11/1978 perante o entón notario de Vigo D. Alberto Casal Rivas, co núm. 4.249 do seu protocolo, así como certificación de últimas vontades da Dirección General de Registros y del Notariado e certificado de defunción.

A Xunta de Compensación opúxose á estimación desas alegacións, nos seus escritos do 18/11/2005 (doc. 501186950) e 28/02/2006 (doc. 60021283). Neles manifestou, en síntese, as dificultades existentes para identificar aos propietarios desa finca, dado que non figuraba inscrita no Rexistro da Propiedade. Cando identificaron como posible propietario a D. Avelino Piñeiro Fernández, dirixíronlle a él as notificacións e actuacións, sin que identificase ao resto dos posibles copropietarios da finca nin aportase os seus enderezos para notificacións.

Por outra banda, o arquitecto técnico municipal, nos seus Informes do 23/11/2005 e 08/03/2006, ratificouse na valoración das fincas expropiadas.

III.- Informe ás alegacións

As devanditas alegacións deben estimarse parcialmente, no único senso de outorgarlles aos referidos interesados a oportunidade de adherirse voluntariamente á Xunta de Compensación deste polígono, evitando así a expropiación da súa finca.

Partindo de que os trámites administrativos anteriores se realizaron correctamente, xa que tanto esta Administración municipal como a Xunta de Compensación se dirixiron en todo momento ao único copropietario da finca do que se tiña constancia (S TS 11/11/2005 -casación 6729/2002, relator: Peces Morate-), o certo é que unha vez que se puido identificar ao resto dos copropietarios antes da conclusión do procedemento expropiatorio procede darlles a oportunidade de adherirse ao sistema. A expropiación forzosa dos propietarios non incorporados, constitúe unha medida restrictiva de dereitos, "cuasi-sancionatoria" que debe aplicarse restrictivamente e como último remedio, fronte aos propietarios recalcitrantes e renuentes a participar nos procesos de xestión urbanística previstos no planeamento e lexislación aplicables.

Neste caso, os copropietarios recentemente identificados mostran a súa disposición para adherirse á Xunta de Compensación, no primeiro momento no que tiveron coñecemento formal da tramitación de dito proceso de execución urbanística. Procede polo tanto concederlles o prazo dun mes para formalizar dita adhesión en escritura pública notarial notificándo a esta Administración municipal nese termo (art. 156.1 LOUGA). Tratándose dunha copropiedade en réxime de proindiviso, para considerar incorporada a devandita finca á Xunta de Compensación basta con que se formalice a adhesión polos propietarios que representen polo menos o 50% das cotas de

participación, como considerou o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) na súa S. do 07/12/2001 (casación 7719/1997, relator: Sr. Enríquez Sancho).

Procede sen embargo rexeitar o sinalado nas alegacións sobre o importe do prezo xusto expropiatorio. No proxecto de expropiación e nos informes do arquitecto técnico municipal obrantes no expediente xustifícase suficientemente dita valoración, sen que os alegantes aportasen elementos probatorios acreditando o contrario. Nin sequera cuantificaron un prezo xusto alternativo.

IV.- Trala estimación parcial das referidas alegacións, propónse a aprobación parcial do proxecto expropiatorio, referida únicamente ás fincas núms. "1" e "2", excluíndose polo momento a núm. "3". Se no referido prazo de un mes, os copropietarios desa finca non presentan nesta Administración municipal a correspondente escritura pública notarial de adhesión á Xunta de Compensación, continuarase a expropiación sobre ela.

En consecuencia, as follas de aprecio individualizadas das fincas que agora se expropián son as seguintes:

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 1			
PROPIETARIO: DESCOÑECIDO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
37,00 m2	terreo	61,43 €/m2	2.272,91
	5% premio afección.....		113,65
	total valoración.....		2.386,56 €

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 2			
PROPIETARIO: DESCOÑECIDO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
166,00 m2	terreo	61,43 €/m2	10.197,38
	5% premio afección.....		509,87
	total valoración.....		10.707,25 €

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Vicente, D^a Margarita, D^a María Rosario e D. José Carlos Piñeiro Chao, polos motivos e no senso que se recolle na parte expositiva deste Acordo, recoñecéndoselles o dereito a adherirse á Xunta de Compensación mediante escritura pública notarial que deberá presentarse nesta Administración municipal no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo. Concluído dito prazo sen a presentación da escritura de adhesión, continuarase o procedemento expropiatorio sobre a finca núm. "3" do proxecto.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación da "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral), relacionadas na parte expositiva deste Acordo, con Memoria e Planos redactados polo enxeñeiro técnico D. F. Javier Centeno Ameijeiras, datado en xuño de 2005, coa exclusión da finca núm. "3" antes citada (expte. 180/413).

TERCEIRO: Os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta Resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de Expropiación Forzosa, previo informe.

CUARTO: A Xunta de Compensación deberá efectuar o pago ou consignación do prezo xusto expropiatorio antes da aprobación inicial do Proxecto de Compensación e en todo caso no prazo de 6 meses dende a notificación deste Acordo.

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación, expropiados, alegantes, Ministerio Fiscal e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(364).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN “HOY POR MAÑANA” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL NA ZONA DO CALVARIO. EXPTE. 1599/336/06.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 10.03.06 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 7.03.06, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA, C.I.F. G- 36.806.917, por importe de 13.500 € (TRECE MIL CINCOCENTOS) EUROS, para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil na zona do calvario, durante o ano 2006, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.

2º.- Que se libre a cantidade de 6.750 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (6.750 €)á finalización, previa certificación do seu cumprimento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE PADRES Y AMIGOS DE NIÑOS CON PARÁLISIS CEREBRAL HOY POR MAÑANA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .

En Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, Corina Porro Martinez, e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dña. Elena Piñeiro García., con D.N.I. 11.395.179 J ,en representación da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis cerebral Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.6633618.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumpri-los obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo.

Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nenos no Calvario.

Que a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis cerebral Hoy por Mañana está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de

idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.

Que, ademáis, dita asociación conta con espacios onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.

Que a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana vén colaborando coa Concellería de Xuventude na realización de actividades .

ACORDAN

I.- Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

II.- Este programa será levado a cabo nas INSTALACIÓNS da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana ata o mes de decembro de 2006.

III.- Para o desenvolvemento destas actividades, a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana presentará un PROXECTO onde se recollerán, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I.

IV.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traveso da Concellería de Xuventude:

A) Aboa-la cantidade de 13.500 € (TRECE MIL CINCOCENTOS) EUROS á Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0087.78.0040007380 de CAIXANOVA. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento por parte da Concellería de Xuventude.

B) Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude e a Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana , serán os encargados do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

V.- A Asociación Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana, asume as seguintes obrigas:

A) Desenvolve-las actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.

B) As actividades desenvolveranse, nas instalacións da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servicio, independentemente do número de nenas/os resultantes.

C) Prestarase baixo a dependencia da Xefatura de Servicio da Concellería de Xuventude. Atenderáanse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria Municipal poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.

D) Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas

E) Cumpri-lo horario de desenvolvemento de actividades que será:

1.- De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs.

2.- Estes horarios poderán ser modificados con autorización expresa e por escrito da xefatura do servicio de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana.

3.- As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrumpido nos días e horarios indicados.

F) Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do convenio. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículo.

G) No desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e terase en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servicios.

H) Presta-lo servicio con igualdade de trato e sen discriminación d@s usuarios do servicio.

I) Dispor do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades.

J) Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecimento detallado por parte do Concello de Vigo.

K) Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.

L) Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.

LL) 1.- Asociación de Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral Hoy por Mañana será o encargada de dispo-los medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicidade, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.

2.- Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.

3.- A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traveso da xefatura de servizo de xuventude.

M) Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.

N) Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servizo de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.

Ñ) Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de da-lo visto e praxe á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento desta actividade , vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e praxe do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.

O) Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servizo e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.

P) Adquirir, repoñer, reparar ou substituír, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público.

Q) Presentar trimestralmente os TC2 e TC1 nos que acredite que o persoal que está dado de alta na seguridade social e que se abonan os seguros sociais.

VI.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO I

I. FINALIDADES.-

As finalidades do do desenvolvemento do presente convenio concréntanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:

- 1.- Ofrece-los servizos, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traveso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.
- 2.- Propicia-la práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.

- 3.- *Fomenta-la cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.*
- 4.- *Estimula-la creatividade a traveso da expresión oral, plástica, etc.*
- 5.- *Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*
- 6.- *Fomenta-los hábitos de:*
 - *Hixiene, convivencia.*
 - *Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*
- 7.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*
- 8.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*
- 9.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*
- 10.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*
- 11.- *Fomenta-la capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*
- 12.- *Fomenta-lo coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*
- 13.- *Fomenta-la capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*
- 14.- *Fomenta-lo deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espazo lúdico.*
- 15.- *Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a traveso do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*
- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*

21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*

22.- *Busca-la integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traveso do xogo.*

II. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN .-

- Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.

- Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.

- Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.

- Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.

- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine.

- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca

35(365).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

**O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,**

Ignacio López-Chaves Castro.